

INFORME

**Sobre a aplicación e a avaliación
da Lei de inclusión social de
Galicia 2025**



XUNTA
DE GALICIA

Informe sobre a aplicación e a avaliación da Lei de inclusión social de Galicia. 2025

Operación estatística n.º 2503-01-OE06

XUNTA
DE GALICIA

Informe sobre a aplicación e a avaliación da Lei de inclusión social de Galicia. 2025

Operación estatística n.º 2503-01-OE06.

Elabora:

Consellería de Política Social e Igualdade, Dirección Xeral de Inclusión Social.
Subdirección Xeral de Prestacións e Programas de Inclusión.

Edita:

Consellería de Política Social e Igualdade, Dirección Xeral de Inclusión Social.
Santiago de Compostela, 2026.

<https://politicasocial.xunta.gal/gl/recursos/publicacions/informe-sobre-aplicacion-e-avaliacion-da-lei-de-inclusion-social-de-galicia>



Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIgual 4.0

España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:

https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

Índice

Xustificación do informe.....	8
Introdución.....	11
Renda de inclusión social de Galicia	12
Concepto.....	12
Requisitos	13
Axudas de inclusión social.....	16
Concepto.....	16
Tipoloxía	16
Requisitos	17
Procedemento de solicitude, tramitación e resolución das prestacións.....	18
1 Tramitación das solicitudes dende os concellos.....	21
1.1 Datos da Comunidade Autónoma.....	22
1.2 Datos provinciais.....	23
2 Rexistro de solicitudes nos departamentos territoriais	39
2.1 Datos globais.....	40
2.2 Rexistro de solicitudes durante o ano 2025.....	40
2.3 Seguimento mensual.....	43



3 Resolución das solicitudes..... 47

3.1 Datos referidos ás resolucións.....	48
3.2 Tempos de resolución.....	53
3.3 Motivos de denegación.....	54
3.4 Número de persoas beneficiarias e xestión económica.....	58
3.4.1 Renda de inclusión social de Galicia.	58
3.4.2 Número de persoas beneficiarias e xestión económica en relación co exercicio anterior.....	66
3.4.3 Axudas de inclusión social.....	68

4 Os recursos 73

4.1 Rexistro de recursos.....	74
4.2 Resolución de recursos.....	78
4.3 Motivos de desestimación de recursos.	86
4.4 Motivos de inadmisión de recursos.....	89

5 Perfil das persoas beneficiarias91

5.1 Perfil das persoas beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia.....	92
5.2 Perfil das persoas beneficiarias de axudas de inclusión social.	120

6 Resultados acadados no ámbito da inclusión social 149

6.1 Os proxectos de integración social.....	150
6.2 O tramo de inserción.....	154
6.2.1 Concesións do tramo de inserción	154
6.2.2 Persoas beneficiarias do tramo de inserción.....	156
6.2.3 Datos provinciais.....	157
6.3 O tramo de transición ao emprego.....	160
6.3.1 Concesións do tramo de transición ao emprego	160
6.3.2 Persoas beneficiarias do tramo de transición ao emprego.....	162
6.3.3 Datos provinciais.....	162
6.4 Resumo da percepción dos tramos de inserción e de transición ao emprego da Risga no ano 2025.....	165
6.5 Tipoloxía das axudas de inclusión social.....	167

7 Análise das saídas do dispositivo 169

7.1 Saídas do programa da Risga	170
7.1.1 Saídas do programa derivadas de extinción	170
7.1.2 Saídas do programa de persoas en trámite de suspensión.....	176
7.2 Suspensións da renda de inclusión social de Galicia.....	180
7.3 Conclusións.....	181



Xustificación do informe

Xustificación do informe

Hai dúas razóns principais que xustifican este informe:


Por unha parte trátase dunha operación estatística recollida no Plan galego de estatística 2022 – 2026 (Lei 16/2021, do 20 de decembro) e no Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 (Decreto 128/2025, do 29 de decembro). Denomínase “2503-01-OE06 Estatística sobre as persoas beneficiarias da Risga e das axudas de inclusión social”, sendo o organismo responsable a Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social e Igualdade e tendo como obxectivo informar do número e evolución das persoas beneficiarias da Renda de inclusión social de Galicia (Risga) e das axudas de inclusión social (AIS), o orzamento executado e o perfil das persoas beneficiarias das referidas prestacións. No referente aos datos do ano 2025, difundíranse na internet en xuño de 2026.

Por outra banda, a Xunta de Galicia regula as prestacións da Renda de inclusión social de Galicia (Risga) e das Axudas de inclusión social (AIS) a través da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, e do Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da dita lei (ambas as dúas modificadas no relativo ás contías das prestacións pola Lei 7/2022, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas). A dita normativa define ambas as prestacións e regula, entre as competencias da Xunta, “A avaliación xeral da aplicación da renda de inclusión social de Galicia, das axudas de inclusión social e demais medidas reguladas nesta lei”.

Ambos os aspectos xustifican a necesidade de realizar este informe sobre a aplicación da Lei 10/2013 no relativo ás prestacións da Risga e das AIS.

Sinalar que, para a súa elaboración se obteñen os datos da aplicación específica de Risga e AIS coa que se traballa dende a Administración Autonómica para a tramitación, xestión e resolución destas prestacións.





Introducción



Renda de inclusión social de Galicia

Concepto

A renda de inclusión social de Galicia (Risga, de agora en diante) é unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral, mediante o dereito e o deber de participar en procesos personalizados de inserción con apoio técnico e financeiro do Sistema galego de servizos sociais e do Sistema público de emprego de Galicia.

A Risga, en canto prestación económica, terá carácter alimenticio, persoal e non transmisíbel, e non poderá ser obxecto de embargo ou retención nin darse en garantía de obrigas.

Esta prestación leva asociada a execución dun proxecto de integración social que estará orientado ao logro da mellora persoal e social da persoa perceptora da Risga e das que integran a unidade de convivencia, así como á súa autonomía, participación e integración normalizada no seu ámbito social. No caso de existencia de menores que poidan estar en situación de risco de exclusión social, deberase realizar un acordo anexo para a integración socioeducativa das e dos menores, que procurará a mellora da cohesión familiar e do exercicio de responsabilidade parental.

Ademais, en función de se se participa nun itinerario formativo laboral ou se se accede a un emprego, poderán percibirse unha serie de complementos a maiores (complemento de inserción ou complemento de transición ao emprego, segundo o caso). Tamén poderá percibirse un complemento de alugueiro cando se cumpran os requisitos para iso.

A normativa esixe que será a traballadora ou o traballador social dos servizos sociais comunitarios básicos do concello de residencia o profesional que realizará a valoración da situación ou risco de exclusión social, o que se reflectirá nun informe para determinar se se ten dereito a esta prestación. Este informe será de carácter preceptivo para poder continuar coa tramitación. Os ditos profesionais tamén realizarán o seguimento e a avaliación dos compromisos adquiridos, o que condicionará o mantemento ou a modificación da prestación conforme o cumprimento ou non destes.

Con carácter xeral, realizarase unha revisión anual da Risga, que se poderá prorrogar se subsisten as circunstancias para a súa concesión.

Requisitos

Poderán ser beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia as persoas que, tecnicamente valoradas, se atopen en situación ou risco de exclusión social, das que se verifique a ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego, así como a concorrencia dalgún dos factores de exclusión seguintes, cando esa condición supoña especiais dificultades de integración social ou laboral:

- Estar na condición de cargas familiares non compartidas.
- Estar en proceso de rehabilitación social, como resultado dun programa de deshabitación de substancias aditivas ou de calquera outra adicción que produza efectos persoais e sociais de natureza semellante.
- Proceder do cumprimento de pena nunha institución penal.
- Ter a condición de muller vítima de violencia de xénero.
- Ser unha persoa vítima de violencia doméstica.
- Ter unha discapacidade valorada superior ao 33 %.
- Ser inmigrante ou emigrante retornado.
- Proceder de institucións de protección ou reeducación de menores.
- Ser unha persoa sen fogar ou habitar nunha infravivenda.
- Pertencer a unha minoría étnica.
- Estar en proceso de abandono do exercicio da prostitución ou ser vítima de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas.
- Ter a condición de persoa transexual ou estar en proceso de reasignación sexual.
- Calquera outro factor non previsto expresamente que, ponderado polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa, condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral.

Poderanse valorar como persoas en situación de risco de exclusión social (e polo tanto acceder a estas prestacións) aquelas persoas nas que concorran factores de exclusión sinalados que obteñan ingresos derivados da súa actividade laboral que sexan inferiores ao límite de recursos para ter acceso á RISGA segundo a súa situación sociofamiliar e reúnan o resto dos requisitos establecidos para ter dereito a ela.



Ademais, deben reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter residencia efectiva e constatada polos servizos sociais comunitarios responsables de desenvolver as accións que se deseñen no correspondente proxecto de integración social e estar empadroado ou empadroada en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma galega, polo menos durante os seis meses anteriores á presentación da solicitude de valoración. Computaranse para estes efectos os períodos de empadroamento sucesivo en distintos concellos galegos.
- b) Ter residencia legal, conforme a normativa vixente.
- c) Ter máis de 25 anos.
- d) Dispor na unidade de convivencia de ingresos inferiores ao importe do tramo persoal e familiar que lle correspondería e, ademais, non dispor de bens patrimoniais dos cales se deduza a existencia de medios suficientes para a subsistencia.
- e) Que non existan persoas legalmente obrigadas e con posibilidade real de lles prestar alimentos de acordo coa lexislación civil (cónxuxes, ascendentes e descendentes, e en menor medida irmáns e irmás), salvo os eximentes recollidos na normativa.

Quedarán eximidas do cumprimento do requisito xeral de residencia e empadroamento:

- Aquelas persoas que, procedentes doutras comunidades autónomas do Estado español, sexan beneficiarias do sistema de rendas mínimas na comunidade autónoma da que proceden, sempre que na lexislación da citada comunidade autónoma se recolla a reciprocidade ou o convenio específico para o efecto.
- As vítimas de violencia doméstica ou de violencia de xénero que cambien o seu domicilio por motivos de seguridade.
- As persoas emigrantes galegas, nos termos sinalados no artigo 3 do Estatuto de autonomía de Galicia, cando fixasen a súa residencia no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, aquelas persoas nadas en Galicia que, residindo noutras comunidades autónomas, volvan fixar a súa residencia no territorio da Comunidade Autónoma galega.
- As persoas que teñan recoñecida a condición de persoa refuxiada polo organismo competente da Administración xeral do Estado, ou aquelas persoas cuxa solicitude de asilo se admitise a trámite ou, non admitíndose, teñan os ou as solicitantes autorizada a súa permanencia en España por razóns humanitarias ou de interese social, no marco da lexislación reguladora do dereito de asilo, da condición de persoa refuxiada e da normativa reguladora dos

dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España e da súa integración social (este suposto tamén está exceptuado do requisito de residencia legal).

- As persoas vítimas de trata de seres humanos ou as mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero que contén cunha autorización de residencia ou cun traballo por circunstancias excepcionais nos termos que estableza a normativa de aplicación en materia de estranxeiría.

Tamén a normativa recolle como excepción ao requisito de idade ter menores a cargo ou ser maior de 18 anos nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:

- Cando antes de acadar a maioría de idade se estivese tutelado pola Xunta de Galicia internado nun centro de menores ou en acollemento familiar.
- Ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % sen ter dereito a prestación ou axuda de igual ou análoga natureza.
- Atoparse en situación de orfandade absoluta e non ter dereito a outras prestacións de análoga natureza.
- Proceder dun centro de internamento de institucións penitenciarias ou dun centro de reeducación de menores.
- Levar tres anos vivindo nun domicilio independente e ter cotizados, polo menos, dous anos á Seguridade Social.
- Ser vítima de trata de seres humanos ou que acredite ser vítima de violencia doméstica ou de xénero.
- Que a traballadora ou traballador social de referencia acredite a existencia da concorrencia de varios factores de exclusión social regulados na normativa.



Axudas de inclusión social

Concepto

As axudas de inclusión social (AIS, a partir de aquí) son prestacións económicas non periódicas que teñen como finalidade posibilitar ou reforzar os procesos de inclusión social das persoas ou familias valoradas tecnicamente en situación de exclusión social ou de risco de exclusión social, así como atender as situacións de grave emerxencia de persoas ou familias vulnerables que poidan desencadear un proceso de exclusión social.

Están destinadas a sufragar gastos extraordinarios e urxentes e, se é o caso, a financiar actuacións de acompañamento ou reforzo de carácter excepcional vinculadas ás medidas de apoio dos diferentes tramos da renda de inclusión social de Galicia.

Os servizos sociais do concello de residencia deberán emitir un informe de valoración para determinar se as persoas solicitantes poden optar a estas axudas. O dito informe será preceptivo para continuar coa tramitación da prestación.

As persoas ou unidades de convivencia perceptoras destas axudas vincularanse a proxectos de traballo social ou socioeducativos desenvolvidos desde os servizos sociais comunitarios, que se responsabilizarán do seu seguimento.

Tipoloxía

As axudas de inclusión social, segundo a súa finalidade, poderán ser dos seguintes tipos:

- a) Vinculadas ao uso da vivenda: son as destinadas a posibilitar que se continúe habitando a vivenda habitual cando ese feito favoreza o proceso de inclusión. Comprenden axudas para o pagamento de débedas de alugamento e conceptos similares que impidan o desafiuzamento e a perda de subministracións básicas dela ou que reforcen o proceso de tránsito a unha vivenda normalizada de persoas residentes en chabolas ou infravivendas.
- b) Vinculadas á mellora da habitabilidade da vivenda habitual: destinaranse á adecuación da vivenda, así como a mellorar a súa accesibilidade, co fin de adaptala ás circunstancias da persoa usuaria.

- c) Destinadas ao equipamento mobiliario básico da vivenda. Para a adquisición de mobiliario e electrodomésticos básicos imprescindibles para satisfacer as necesidades primarias das persoas.
- d) Axudas para a atención de necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoval doméstico.
- e) Axudas para a atención sanitaria e socio-sanitaria non cubertas polos sistemas públicos de saúde e de servizos sociais, cando se trate de tratamentos, elementos protéticos ou axudas técnicas que sexan decisivos para evitar un déficit sensorial, de mobilidade, de saúde ou unha situación persoal de desvantaxe que impida ou dificulte gravemente o proceso de integración social.
- f) Axudas para gastos causados por actuacións complementarias e de acompañamento vinculadas aos itinerarios de inclusión social e formación.
- g) Axudas para gastos extraordinarios derivados de procesos de axuste persoal, especialmente nos casos de trastornos relacionados co consumo de substancias aditivas.

As axudas de tipo a), b), c), d) e e) teñen o carácter de axuda de emerxencia social mentres que as de tipo f) e g) son complementarias dos procesos de inclusión social.

Requisitos

- Ser maior de idade.
- Estar empadroadado ou empadroadada e ter residencia constatada polos servizos sociais comunitarios básicos en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Non dispor de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación que xustifica a solicitude da axuda. Teranse en conta tanto os ingresos económicos como a posesión de bens patrimoniais conforme os criterios de cómputo establecidos na normativa.

A periodicidade e contía das axudas está regulada no decreto e depende do tipo de axudas.




Procedemento de solicitude, tramitación e resolución das prestacións


Ambas as prestacións pódense solicitar presentando a solicitude normalizada a través de rexistro ou co apoio dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos dos concellos, que ademais deben emitir un informe preceptivo no que conste a valoración do risco ou situación de exclusión social. A dita solicitude dirixirase ao correspondente departamento territorial da Consellería de Política Social e Igualdade segundo a provincia de residencia da persoa interesada. Estes son os órganos competentes para instruír e resolver as solicitudes presentadas. Neste proceso pode ser preciso requirir documentación tanto das persoas interesadas como dos servizos sociais municipais, suspendendo os prazos de resolución que se reiniciarán cando se reciba. As resolucións poden derivar na concesión, denegación, extinción, modificación, suspensión, reanudación, renovación, pagamento de atrasos, revogación, se non se produce o arquivo ou caducidade.

Contra estas resolucións dos departamentos territoriais as persoas interesadas teñen a posibilidade de interpoñer un recurso de alzada que resolverá a Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social e Igualdade. Unha vez valorada a documentación presentada neste recurso emitirá unha nova resolución que decidirá a estimación (total ou parcial) do recurso, a desestimación ou a retroacción, sempre que non se producise inadmisión ou renuncia.


Risga



AIS







Tramitación das solicitudes dende os concellos



A tramitación da Renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social iníciase, segundo o disposto na Lei de inclusión social, por instancia da persoa interesada, sendo preceptiva a elaboración dun informe social realizado pola traballadora ou traballador social de referencia, que conterá unha valoración da situación ou risco de exclusión social e unha proposta sobre a idoneidade da prestación.

Entre as funcións que teñen asignadas¹ os ditos servizos sociais comunitarios básicos consta "A participación na xestión das prestacións económicas e o seguimento dos correspondentes proxectos personalizados de intervención nos termos establecidos na normativa específica en materia de inclusión social", o que se correspondería coa Risga e as AIS. Estes servizos desenvolverán o programa básico de inserción social dentro do cal detectarán situacións de risco de exclusión, participarán na asignación das prestacións económicas de inclusión social orientadas a satisfacer necesidades pecuniarias básicas e a estimular a incorporación social e laboral, favorecerán o desenvolvemento de itinerarios personalizados de inclusión e realizarán o seguimento e revisión das ditas prestacións económicas.

A normativa que os regula recolle que todos os concellos galegos contarán con servizos sociais comunitarios básicos e polo tanto cun ou cunha profesional do traballo social, garantindo así o acceso de toda a poboación á posibilidade de solicitar e tramitar as prestacións obxecto do informe no seu concello de residencia.

En consecuencia, é preciso analizar a actividade dos concellos na xestión das ditas prestacións.

1.1 Datos da Comunidade Autónoma

Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) a Comunidade Autónoma de Galicia está formada por 313 concellos distribuídos en catro provincias (93 na Coruña, 67 en Lugo, 92 en Ourense e 61 en Pontevedra).

Para a análise dos datos optouse por detallar a distribución dos concellos segundo o volume poboacional, dando lugar a catro tramos (concellos de menos de 10.000 habitantes, de entre 10.000 e 20.000 habitantes, entre 20.000 e 50.000 habitantes e máis de 50.000 habitantes), tomando como referencia para esta clasificación os datos do censo de poboación do IGE para o ano 2025.

¹ Conforme ao recollido na normativa que regula estes servizos sociais comunitarios básicos, concretamente a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Durante o ano 2025 tramitaron o 84,35 % dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, é dicir, un total de 264, habendo 49 concellos que non tramitaron ningunha prestación (15,65 %).

Este dato fai referencia á tramitación, polos concellos, dunha ou outra prestación. Así a todo, existen variantes no índice de tramitación atendendo ao tipo de prestación:

- A renda de inclusión social de Galicia foi tramitada polo 69,65 % dos concellos da Comunidade Autónoma.
- As axudas de inclusión social foron tramitadas polo 74,76 % dos concellos.

1.2 Datos provinciais

● A Coruña

Na provincia da Coruña tramitaron o 78,49 % dos concellos. É dicir, só hai 20 concellos (21,51 %) que non tramitaron ningunha solicitude. Atendendo ao tipo de prestación solicitada, cómpre indicar que os concellos que tramitaron Risga acadan un 70,97 %, mentres que un 67,74 % tramitaron AIS.

Os concellos que destacan como núcleos tramitadores máis relevantes son os seguintes: A Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Carballo, Arteixo e Narón, con algunha diferenza en función da prestación solicitada. Cabe sinalar que todos estes concellos teñen poboación superior a 50.000 habitantes ou entre 20.000 e 50.000 habitantes.

Porcentaxes relativas ao total de solicitudes de cada prestación na provincia da Coruña

Renda de inclusión social de Galicia		Axudas de inclusión social	
Concello	%	Concello	%
Coruña, A	36,11	Coruña, A	27,32
Santiago de Compostela	9,69	Santiago de Compostela	15,73
Ferrol	7,2	Carballo	5,87
Carballo	6,21	Narón	4,90
Arteixo	5,83	Arteixo	4,58

Nas táboas seguintes pódese observar a distribución por concellos das solicitudes de Risga e de AIS durante o ano 2025 na provincia da Coruña.

Solicitudes de Risga segundo o sexo das persoas solicitantes e o volume de poboación dos seus concellos de residencia

	Homes	Mulleres	Total
Concellos de máis de 50.000 habitantes			
Coruña, A	189	288	477
Ferrol	32	64	96
Santiago de Compostela	63	65	128
Concellos de entre 20.000 e 50.000 habitantes			
Ames	6	24	30
Arteixo	20	57	77
Cambre	10	23	33
Carballo	23	59	82
Culleredo	7	23	30
Narón	13	47	60
Oleiros	9	13	22
Ribeira	3	8	11
Concellos de entre 10.000 e 20.000 habitantes			
Betanzos	0	2	2
Boiro	1	8	9
Fene	0	3	3
Laracha, A	1	12	13
Noia	7	4	11
Ordes	4	4	8
Rianxo	3	2	5
Sada	12	41	53
Teo	2	4	6
Concellos de menos de 10.000			
Abegondo	0	1	1
Aranga	0	0	0
Ares	2	3	5
Arzúa	1	5	6
Baña, A	0	0	0
Bergondo	1	0	1
Boimorto	1	0	1
Boqueixón	0	1	1
Brión	1	0	1
Cabana de Bergantiños	0	0	0
Cabanas	1	3	4
Camariñas	1	2	3
Capela, A	0	1	1
Cariño	3	8	11
Carnota	0	0	0
Carral	1	0	1
Cedeira	4	7	11
Cee	3	8	11
Cerceda	3	0	3
Cerdido	0	0	0
Coirós	0	0	0
Corcubión	0	0	0
Coristanco	1	0	1
Curtis	3	6	9
Dodro	2	1	3

	Homes	Mulleres	Total
Dumbría	0	0	0
Fisterra	0	1	1
Frades	0	0	0
Irixoa	0	0	0
Laxe	2	3	5
Lousame	0	0	0
Malpica de Bergantiños	1	0	1
Mañón	0	0	0
Mazaricos	1	1	2
Melide	2	7	9
Mesía	0	0	0
Miño	2	2	4
Moeche	0	0	0
Monfero	0	1	1
Mugardos	1	0	1
Muxía	4	3	7
Muros	0	1	1
Neda	2	1	3
Negreira	3	2	5
Oroso	1	0	1
Ortigueira	2	2	4
Outes	2	0	2
Oza Cesuras	0	1	1
Paderne	2	1	3
Padrón	2	5	7
Pino, O	2	0	2
Pobra do Caramiñal, A	1	5	6
Ponteceso	0	0	0
Pontedeume	0	0	0
Pontes de García Rodríguez, As	2	1	3
Porto do Son, O	2	1	3
Rois	0	0	0
San Sadurniño	1	2	3
Santa Comba	4	4	8
Santiso	0	0	0
Sobrado	0	2	2
Somozas, As	0	0	0
Toques	0	0	0
Tordoia	0	0	0
Touro	0	0	0
Trazo	0	0	0
Valdoviño	0	0	0
Val do Dubra	1	0	1
Vedra	0	0	0
Vilasantar	0	0	0
Vilarmador	0	0	0
Vimianzo	0	4	4
Zas	0	1	1
Total provincia da Coruña	473	848	1.321

Do total de concellos da Coruña que tramitan solicitudes de Risga (66), en 21 deles solicitan máis homes que mulleres (31,82 %) e destes en 12 só solicitan homes (18,18 %). En cinco dos concellos (7,58 %) solicitan igual número de homes que de mulleres. No resto de concellos solicitan a Risga máis mulleres que homes e en 12 (18,18 %) só solicitan mulleres.

Solcitudes de AIS segundo o sexo das persoas solicitantes e o volume de poboación dos seus concellos de residencia

	Homes	Mulleres	Total
Concellos de máis de 50.000 habitantes			
Coruña, A	160	347	507
Ferrol	16	48	64
Santiago de Compostela	124	168	292
Concellos de entre 20.000 e 50.000 habitantes			
Ames	15	31	46
Arteixo	24	61	85
Cambre	21	34	55
Carballo	30	79	109
Culleredo	20	31	51
Narón	30	61	91
Oleiros	18	34	52
Ribeira	16	26	42
Concellos de entre 10.000 e 20.000 habitantes			
Betanzos	2	14	16
Boiro	2	8	10
Fene	4	4	8
Laracha, A	3	10	13
Noia	24	22	46
Ordes	12	6	18
Rianxo	3	3	6
Sada	15	48	63
Teo	6	9	15
Concellos de menos de 10.000			
Abegondo	0	0	0
Aranga	0	0	0
Ares	2	1	3
Arzúa	1	4	5
Baña, A	1	1	2
Bergondo	0	0	0
Boimorto	0	0	0
Boqueixón	0	0	0
Brión	3	3	6
Cabana de Bergantiños	0	0	0
Cabanas	1	4	5
Camariñas	2	4	6
Capela, A	1	0	1
Caríño	2	6	8
Carnota	0	0	0
Carral	2	1	3
Cedeira	1	3	4
Cee	22	28	50
Cerceda	3	6	9
Cerdido	0	0	0
Coirós	0	0	0
Corcubión	1	2	3
Coristanco	1	0	1
Curtis	1	0	1
Dodro	0	0	0

	Homes	Mulleres	Total
Dumbría	0	0	0
Fisterra	0	0	0
Frades	0	0	0
Irixoa	0	0	0
Laxe	0	1	1
Lousame	0	0	0
Malpica de Bergantiños	4	1	5
Mañón	0	0	0
Mazaricos	2	1	3
Melide	7	17	24
Mesía	0	0	0
Miño	0	3	3
Moeche	0	0	0
Monfero	0	0	0
Mugardos	3	7	10
Muros	4	7	11
Muxía	4	1	5
Neda	2	6	8
Negreira	0	0	0
Oroso	2	1	3
Ortigueira	2	7	9
Outes	2	5	7
Oza Cesuras	0	0	0
Paderne	1	0	1
Padrón	2	5	7
Pino, O	1	1	2
Pobra do Caramiñal, A	0	2	2
Ponteceso	1	1	2
Pontedeume	0	0	0
Pontes de García Rodríguez, As	5	12	17
Porto do Son, O	6	1	7
Rois	0	0	0
San Sadurniño	0	1	1
Santa Comba	5	13	18
Santiso	0	0	0
Sobrado	0	1	1
Somozas, As	0	1	1
Toques	0	0	0
Tordoia	0	0	0
Touro	0	1	1
Trazo	0	0	0
Val do Dubra	0	0	0
Valdoviño	0	2	2
Vedra	1	0	1
Vilarmador	1	1	2
Vilasantar	0	0	0
Vimianzo	2	4	6
Zas	0	0	0
Total provincia A Coruña	646	1.210	1.856

Do total de concellos da Coruña que tramitan solicitudes de AIS (63), en 14 deles solicitan máis homes que mulleres (22,22 %) e destes en cinco só solicitan homes (25 %). En sete dos concellos (7,94 %) solicitan igual número de homes que de mulleres. No resto de concellos solicitan a AIS máis mulleres que homes e en oito (12,70 %) só solicitan mulleres.

● Lugo

Na provincia de Lugo dos 67 concellos existentes 59 fixeron tramitacións (88,06 %) e outros oito concellos non tramitaron solicitude ningunha (11,94 %). A porcentaxe de tramitación acada un 68,66 % nas solicitudes da Risga e un 77,61 % no caso das AIS.

Destacan como núcleos tramitadores os concellos de: Lugo, Monforte de Lemos, Sarria, Viveiro e Vilalba, non detectándose diferenzas significativas en función da prestación solicitada. Cabe sinalar que todos estes concellos teñen poboación entre a 10.000 e 20.000 habitantes agás Lugo que supera os 50.000.

Porcentaxes relativas ao total de solicitudes de cada prestación na provincia de Lugo

Renda de inclusión social de Galicia		Axudas de inclusión social	
Concello	%	Concello	%
Lugo	39,19	Lugo	34,74
Monforte de Lemos	12,57	Monforte de Lemos	15,81
Sarria	6,47	Sarria	13,92
Viveiro	4,81	Viveiro	6,12
Vilalba	4,62	Vilalba	5,12

Nas seguintes táboas pódese observar a distribución por concellos das solicitudes de Risga e de AIS durante o ano 2025 na provincia de Lugo.

Solicitudes de Risga segundo o sexo das persoas solicitantes e o volume de poboación dos seus concellos de residencia

	Homes	Mulleres	Total
Concellos de máis de 50.000 habitantes			
Lugo	69	143	212
Concellos de entre 10.000 e 20.000 habitantes			
Foz	3	5	8
Monforte de Lemos	18	50	68
Sarria	17	18	35
Vilalba	14	11	25
Viveiro	8	18	26
Concellos de menos de 10.000			
Abadín	2	0	2
Alfoz do Castrodouro	0	0	0
Antas de Ulla	0	0	0
Baleira	1	0	1
Baralla	0	1	1
Barreiros	1	0	1
Becerreá	3	3	6
Begonte	1	0	1
Bóveda	0	0	0
Burela	11	13	24
Carballedo	1	1	2
Castro de Rei	2	2	4
Castroverde	0	1	1
Cervantes	0	0	0
Cervo	2	1	3
Chantada	1	4	5
Corgo, O	1	0	1
Cospeito	0	0	0
Folgozo do Courel	0	0	0
Fonsagrada, A	0	0	0
Friol	3	1	4
Guitiriz	1	2	3
Guntín	1	0	1
Incio, O	1	0	1
Láncara	0	2	2
Lourenzá	0	1	1

	Homes	Mulleres	Total
Meira	0	0	0
Mondoñedo	1	1	2
Monterroso	1	5	6
Muras	0	0	0
Navia de Suarna	1	3	4
Negueira de Muñiz	3	1	4
Nogais, As	0	0	0
Ouro	1	0	1
Outeiro de Rei	1	0	1
Palas de Rei	0	3	3
Pantón	0	0	0
Paradela	0	0	0
Páramo, O	0	0	0
Pastoriza	0	0	0
Pedrafita do Cebreiro	0	0	0
Pobra do Brollón, A	1	1	2
Pol	0	1	1
Pontenova, A	2	1	3
Portomarín	0	0	0
Quiroga	11	2	13
Rábade	4	0	4
Ribadeo	4	17	21
Ribas de Sil	1	3	4
Ribeira de Piquín, A	0	0	0
Riotorto	0	0	0
Samos	0	0	0
Saviñao, O	6	8	14
Sober	2	2	4
Taboada	1	4	5
Trabada	0	2	2
Triacastela	0	0	0
Valadouro, O	1	1	2
Vicedo, O	1	0	1
Xermade	3	3	6
Xove	0	0	0
Total provincia de Lugo	206	335	541

Do total de concellos de Lugo que tramitan solicitudes de Risga (46), en 17 deles solicitan máis homes que mulleres (36,96 %) e destes en 11 só solicitan homes (23,91 %). En oito dos concellos (17,39 %) solicitan igual número de homes que de mulleres. No resto de concellos solicitan a Risga máis mulleres que homes e en sete (15,22 %) só solicitan mulleres.

Solicitudes de AIS segundo o sexo das persoas solicitantes e o volume de poboación dos seus concellos de residencia

	Homes	Mulleres	Total
Concellos de máis de 50.000 habitantes			
Lugo	108	204	312
Concellos de entre 10.000 e 20.000 habitantes			
Foz	2	6	8
Monforte de Lemos	54	88	142
Sarria	42	83	125
Vilalba	22	24	46
Viveiro	19	36	55
Concellos de menos de 10.000			
Abadín	1	1	2
Alfoz do Castrodouro	0	0	0
Antas de Ulla	0	1	1
Baleira	0	1	1
Baralla	0	0	0
Barreiros	3	1	4
Becerreá	1	5	6
Begonte	0	1	1
Bóveda	0	3	3
Burela	10	13	23
Carballedo	1	3	4
Castro de Rei	1	0	1
Castroverde	1	3	4
Cervantes	0	0	0
Cervo	0	0	0
Chantada	11	21	32
Corgo, O	1	2	3
Cospeito	1	1	2
Folgozo do Courel	0	1	1
Fonsagrada, A	3	3	6
Friol	1	4	5
Guítiriz	1	6	7
Guntín	0	0	0
Incio, O	0	0	0
Láncara	0	0	0
Lourenzá	2	0	2

	Homes	Mulleres	Total
Meira	0	1	1
Mondoñedo	0	3	3
Monterroso	2	0	2
Muras	0	0	0
Navia de Suarna	1	2	3
Negueira de Muñiz	1	3	4
Nogais, As	1	1	2
Ourol	0	1	1
Outeiro de Rei	1	1	2
Palas de Rei	0	6	6
Pantón	0	1	1
Paradela	0	0	0
Páramo, O	0	0	0
Pastoriza	2	0	2
Pedrafita do Cebreiro	0	1	1
Pobra do Brollón, A	2	1	3
Pol	0	1	1
Pontenova, A	0	0	0
Portomarín	0	0	0
Quiroga	3	3	6
Rábade	1	4	5
Ribadeo	5	12	17
Ribas de Sil	1	0	1
Ribeira de Piquín, A	0	0	0
Riotorto	0	1	1
Samos	0	0	0
Saviñao, O	5	17	22
Sober	0	0	0
Taboada	3	5	8
Trabada	1	0	1
Triacastela	0	1	1
Valadouro, O	2	1	3
Vicedo, O	1	0	1
Xermade	2	0	2
Xove	1	1	2
Total provincia de Lugo	320	578	898

Do total de concellos de Lugo que tramitan solicitudes de AIS (52), en 11 deles solicitan máis homes que mulleres (21,15 %) e destes en oito só solicitan homes (15,38 %). En sete dos concellos (13,46 %) solicitan igual número de homes que de mulleres. No resto de concellos solicitan estas axudas máis mulleres que homes e en 14 (26,92 %) só as solicitan mulleres.



● Ourense

Na provincia de Ourense dos 92 municipios que o forman, un total de 76 (82,61 %) tramitaron Risga ou AIS. Concretamente, 53 concellos foron tramitadores de Risga acadando un 57,61 %, sendo 39 (o 42,39 %) os concellos que non tramitaron solicitudes.

As AIS foron tramitadas por un total de 68 concellos, o que equivale ao 73,91 % dos concellos da provincia, e 24 concellos non as tramitaron, o que equivale ao 26,09 %.

Destacan nesta provincia como núcleos poboacionais tramitadores os concellos de Ourense, O Carballiño, Verín, Castrelo do Miño, Barbadás, Xinzo de Limia, O Barco de Valdeorras, Maside, Celanova, Ramirás e Coles, con algunha diferenza en función da prestación solicitada. Cabe sinalar que todos estes concellos teñen volumes poboacionais diversos.

Porcentaxes relativas ao total de solicitudes de cada prestación na provincia de Ourense

Renda de inclusión social de Galicia		Axudas de inclusión social	
Concello	%	Concello	%
Ourense	54,72	Ourense	63,78
O Carballiño	3,77	O Carballiño	3,32
Verín e Castrelo do Miño	2,83	Barbadás e Xinzo de Limia	3,22
Barbadás	2,59	O Barco de Valdeorras	2,82
Celanova, Maside e Ramirás	2,36	Coles	1,71

Nas táboas seguintes pódese observar a distribución por concellos das solicitudes de Risga e de AIS durante o ano 2025 na provincia de Ourense.

Solicitudes de Risga segundo o sexo das persoas solicitantes e o volume de poboación dos seus concellos de residencia

	Homes	Mulleres	Total		Homes	Mulleres	Total
Concellos de máis de 50.000 habitantes				Merca, A	0	1	1
Ourense	83	149	232	Mezquita, A	0	0	0
Concellos de entre 10.000 e 20.000 habitantes				Montederramo	0	2	2
Barbadás	5	6	11	Monterrei	0	2	2
Barco de Valdeorras, O	4	2	6	Muíños	0	1	1
Carballiño, O	5	11	16	Nogueira de Ramuín	0	2	2
Verín	5	7	12	Oímbra	3	0	3
Concellos de menos de 10.000				Paderne de Allariz	0	0	0
Allariz	0	1	1	Padrenda	1	0	1
Amoeiro	6	3	9	Parada de Sil	0	0	0
Arnoia, A	0	0	0	Pereiro de Aguiar, O	1	0	1
Avión	0	0	0	Peroxa, A	1	0	1
Baltar	0	0	0	Petín	0	0	0
Bande	0	0	0	Piñor	2	2	4
Baños de Molgas	2	1	3	Pobra de Trives, A	2	0	2
Beade	0	0	0	Pontedeva	0	2	2
Beariz	1	0	1	Porqueira	0	0	0
Blancos, Os	0	0	0	Punxín	1	5	6
Boborás	0	0	0	Quintela de Leirado	0	0	0
Bola, A	0	0	0	Rairiz de Veiga	0	0	0
Bolo, O	0	0	0	Ramirás	5	5	10
Calvos de Randín	0	0	0	Ribadavia	3	1	4
Carballada de Avia	1	0	1	Riós, O	0	0	0
Carballada de Valdeorras	0	0	0	Rúa, A	0	3	3
Cartelle	0	1	1	Rubiá	0	0	0
Castrelo de Miño	9	3	12	San Amaro	0	0	0
Castrelo do Val	0	0	0	San Cibrao das Viñas	0	1	1
Castro Caldelas, O	2	0	2	San Cristovo de Cea	0	0	0
Celanova	1	9	10	San Xoán de Río	0	0	0
Cenlle	1	4	5	Sandiás	0	1	1
Chandrexa de Queixa	0	0	0	Sarreaus	0	0	0
Coles	1	4	5	Taboadela	0	0	0
Cortegada	1	0	1	Teixeira, A	1	0	1
Cualedro	0	1	1	Toén	0	1	1
Entrimo	0	0	0	Trasmiras	1	1	2
Esgos	1	1	2	Veiga, A	5	2	7
Gomesende	0	1	1	Verea	0	3	3
Gudiña, A	0	1	1	Viana do Bolo	0	0	0
Irixe, O	0	0	0	Vilamarín	1	0	1
Larouco	0	0	0	Vilamartín de Valdeorras	0	1	1
Laza	0	0	0	Vilar de Barrio	0	0	0
Leiro	0	2	2	Vilar de Santos	1	1	2
Lobeira	0	0	0	Vilardavós	0	0	0
Lobios	1	2	3	Vilariño de Conso	0	0	0
Maceda	0	2	2	Xinzo de Limia	3	5	8
Manzaneda	0	0	0	Xunqueira de Ambía	0	0	0
Maside	2	8	10	Xunqueira de Espadanedo	0	0	0
Melón	0	1	1	Total provincia de Ourense	162	262	424



Do total de concellos de Ourense que tramitan solicitudes de Risga (53), en 17 deles solicitan máis homes que mulleres (32,07 %) e destes en 11 só solicitan homes (20,75 %). En cinco dos concellos (9,43 %) solicitan igual número de homes que de mulleres. No resto de concellos solicitan a Risga máis mulleres que homes e en 20 (37,73 %) só solicitan mulleres.

Solicitudes de AIS segundo o sexo das persoas solicitantes e o volume de poboación dos seus concellos de residencia

	Homes	Mulleres	Total		Homes	Mulleres	Total
Concellos de máis de 50.000 habitantes				Merca, A	1	2	3
Ourense	224	410	634	Mezquita, A	0	0	0
Concellos de entre 10.000 e 20.000 habitantes				Montederramo	0	3	3
Barbadás	10	22	32	Monterrei	0	0	0
Barco de Valdeorras, O	5	23	28	Muiños	0	0	0
Carballiño, O	6	27	33	Nogueira de Ramuín	5	6	11
Verín	12	4	16	Oímbra	0	2	2
Concellos de menos de 10.000				Paderne de Allariz	0	1	1
Allariz	1	1	2	Padrenda	0	0	0
Amoeiro	8	4	12	Parada de Sil	0	2	2
Arnoia, A	0	1	1	Pereiro de Aguiar, O	9	4	13
Avión	0	1	1	Peroxa, A	2	1	3
Baltar	0	0	0	Petín	0	3	3
Bande	0	0	0	Piñor	0	2	2
Baños de Molgas	0	4	4	Pobra de Trives, A	1	3	4
Beade	0	0	0	Pontedeva	0	0	0
Beariz	1	0	1	Porqueira	0	0	0
Blancos, Os	1	1	2	Punxín	0	1	1
Boborás	1	1	2	Quintela de Leirado	0	0	0
Bola, A	1	2	3	Rairiz de Veiga	1	1	2
Bolo, O	0	0	0	Ramirás	2	1	3
Calvos de Randín	0	0	0	Ribadavia	2	5	7
Carballeda de Avia	1	2	3	Riós, O	2	1	3
Carballeda de Valdeorras	0	1	1	Rúa, A	2	0	2
Cartelle	0	0	0	Rubiá	0	1	1
Castrelo de Miño	3	5	8	San Amaro	0	3	3
Castrelo do Val	0	1	1	San Cibrao das Viñas	2	3	5
Castro Caldelas, O	1	3	4	San Cristovo de Cea	2	0	2
Celanova	3	6	9	San Xoán de Río	0	0	0
Cenlle	0	2	2	Sandiás	0	1	1
Chandrexa de Queixa	0	0	0	Sarreus	4	0	4
Coles	7	10	17	Taboadela	0	1	1
Cortegada	1	0	1	Teixeira, A	0	0	0
Cualedro	0	3	3	Toén	0	1	1
Entrimo	2	2	4	Trasmiras	0	2	2
Esgos	0	1	1	Veiga, A	2	0	2
Gomesende	0	1	1	Verea	0	1	1
Gudiña, A	0	0	0	Viana do Bolo	0	0	0
Irixo, O	0	3	3	Vilamarín	3	2	5
Larouco	0	0	0	Vilamartín de Valdeorras	0	0	0
Laza	3	2	5	Vilar de Barrio	0	2	2
Leiro	1	4	5	Vilar de Santos	3	3	6
Lobeira	0	0	0	Vilardevós	1	3	4
Lobios	0	1	1	Vilariño de Conso	0	0	0
Maceda	1	3	4	Xinzo de Limia	14	18	32
Manzaneda	0	0	0	Xunqueira de Ambía	1	2	3
Maside	1	8	9	Xunqueira de Espadanedo	0	0	0
Melón	1	0	1	Total provincia de Ourense	354	640	994



Do total de concellos de Ourense que tramitan solicitudes de AIS (68), en 15 deles solicitan máis homes que mulleres (22,06 %) e destes en sete só solicitan homes (10,30 %). En seis dos concellos (8,82 %) solicitan igual número de homes que de mulleres. No resto de concellos solicitan estas axudas máis mulleres que homes e en 26 (38,23 %) só as solicitan mulleres.

● Pontevedra

En relación á provincia de Pontevedra, dos 61 concellos hai que sinalar que o 91,80 % deles tramitaron solicitudes de Risga e/ou AIS, sendo soamente cinco concellos (8,20 %) os que non o fixeron.

A tramitación de solicitudes de Risga acada o 86,88 % dos concellos, sendo 53 deles tramitadores, no relativo ás AIS a porcentaxe baixa ao 83,61 %, rexistrando tramitacións en 51 concellos fronte aos dez que non o fixeron.

Destacan na provincia, como núcleos tramitadores, os concellos de Vigo, Pontevedra, Lalín, Ponteareas, Vilagarcía de Arousa e Tui, existindo algunha diferenza en función da prestación solicitada. Destacar que estes concellos teñen diferente volume poboacional.

Porcentaxes relativas ao total de solicitudes de cada prestación na provincia de Pontevedra

Renda de inclusión social de Galicia		Axudas de inclusión social	
Concello	%	Concello	%
Vigo	47,17	Vigo	50,57
Lalín	5,07	Pontevedra	8,15
Pontevedra	5,00	Lalín	5,60
Ponteareas	4,78	Ponteareas	4,60
Vilagarcía de Arousa	3,89	Tui	3,45

Nas táboas seguintes pódese observar a distribución por concellos das solicitudes de Risga e de AIS durante o ano 2025 na provincia de Pontevedra.

Solicitudes de Risga segundo o sexo das persoas solicitantes e o volume de poboación dos seus concellos de residencia

	Homes	Mulleres	Total
Concellos de máis de 50.000 habitantes			
Pontevedra	31	37	68
Vigo	248	394	642
Concellos de entre 20.000 e 50.000 habitantes			
Cangas de Morrazo	9	17	26
Estrada, A	7	10	17
Lalín	31	38	69
Marín	17	14	31
Ponteareas	19	46	65
Porriño, O	6	15	21
Redondela	7	26	33
Vilagarcía de Arousa	28	25	53
Concellos de entre 10.000 e 20.000 habitantes			
Baiona	3	8	11
Bueu	5	15	20
Cambados	2	2	4
Gondomar	9	11	20
Grove, O	2	4	6
Moaña	8	16	24
Mos	5	2	7
Nigrán	5	7	12
Poio	7	12	19
Salvaterra de Miño	3	5	8
Sanxenxo	6	3	9
Tomiño	3	7	10
Tui	13	17	30
Vilanova de Arousa	0	0	0
Concellos de menos de 10.000			
Agolada	1	1	2
Arbo	0	2	2
Barro	0	0	0
Caldas de Reis	1	1	2
Campo Lameiro, O	0	0	0

	Homes	Mulleres	Total
Catoira	1	0	1
Caniza, A	8	10	18
Cerdedo Cotobade	5	7	12
Covelo	9	3	12
Crecente	2	4	6
Cuntis	0	3	3
Dozón	0	1	1
Forcarei	0	0	0
Fornelos de Montes	1	2	3
Guarda, A	5	7	12
Illa de Arousa, A	0	2	2
Lama, A	1	0	1
Meaño	1	1	2
Meis	1	0	1
Mondariz	3	2	5
Mondariz Balneario	2	3	5
Moraña	0	0	0
Neves, As	7	2	9
Oia	1	0	1
Pazos de Borbén	1	0	1
Ponte Caldelas	5	5	10
Pontecesures	0	0	0
Portas	0	0	0
Ribadumia	0	2	2
Rodeiro	0	0	0
Rosal, O	5	2	7
Salceda de Caselas	5	9	14
Silleda	4	9	13
Soutomaior	4	0	4
Valga	1	0	1
Vila de Cruces	2	1	3
Vilaboa	0	1	1
Total provincia de Pontevedra	550	811	1.361

Do total de concellos de Pontevedra que tramitan solicitudes de Risga (53), 16 deles solicitan máis homes que mulleres (30,19 %) e destes en sete só solicitan homes (13,21 %). En cinco dos concellos (9,43 %) solicitan igual número de homes que de mulleres. No resto de concellos solicitan a Risga máis mulleres que homes e en seis (11,32 %) só solicitan mulleres.

Solicitudes de AIS segundo o sexo das persoas solicitantes e o volume de poboación dos seus concellos de residencia

	Homes	Mulleres	Total
Concellos de máis de 50.000 habitantes			
Pontevedra	61	102	163
Vigo	351	661	1.012
Concellos de entre 20.000 e 50.000 habitantes			
Cangas de Morrazo	19	27	46
Estrada, A	7	13	20
Lalín	38	74	112
Marín	18	14	32
Ponteareas	19	73	92
Porriño, O	10	25	35
Redondela	9	28	37
Vilagarcía de Arousa	17	26	43
Concellos de entre 10.000 e 20.000 habitantes			
Baiona	3	8	11
Bueu	13	20	33
Cambados	4	6	10
Gondomar	5	7	12
Grove, O	2	10	12
Moaña	8	5	13
Mos	2	4	6
Nigrán	3	5	8
Poio	11	24	35
Salvaterra de Miño	2	3	5
Sanxenxo	3	3	6
Tomiño	8	9	17
Tui	23	46	69
Vilanova de Arousa	3	11	14
Concellos de menos de 10.000			
Agolada	0	1	1
Arbo	1	2	3
Barro	0	0	0
Caldas de Reis	0	1	1
Campo Lameiro, O	0	0	0

	Homes	Mulleres	Total
Catoira	0	0	0
Caniza, A	2	5	7
Cerdedo Cotobade	1	8	9
Covelo	0	0	0
Crecente	4	2	6
Cuntis	1	2	3
Dozón	3	3	6
Forcarei	0	2	2
Fornelos de Montes	0	1	1
Guarda, A	8	21	29
Illa de Arousa, A	0	0	0
Lama, A	1	3	4
Meaño	2	1	3
Meis	0	2	2
Mondariz	3	1	4
Mondariz Balneario	3	0	3
Moraña	0	1	1
Neves, As	7	5	12
Oia	1	0	1
Pazos de Borbén	0	0	0
Ponte Caldelas	4	4	8
Pontecesures	0	0	0
Portas	0	0	0
Ribadumia	1	1	2
Rodeiro	0	0	0
Rosal, O	1	5	6
Salceda de Caselas	1	6	7
Silleda	10	12	22
Soutomaior	2	4	6
Valga	2	0	2
Vila de Cruces	1	6	7
Vilaboa	0	0	0
Total provincia de Pontevedra	698	1.303	2.001

Do total de concellos de Pontevedra que tramitan solicitudes de AIS (51), en nove deles solicitan máis homes que mulleres (17,64 %) e destes en tres deles solicitan só homes (5,88 %). En catro dos concellos (7,84 %) solicitan igual número de homes que de mulleres. No resto de concellos solicitan estas axudas máis mulleres que homes e en seis (11,76 %) só as solicitan mulleres.





Rexistro de solicitudes nos departamentos territoriais



2.1 Datos globais

Como se explicou anteriormente, as solicitudes diríxense aos departamentos territoriais da Consellería de Política Social e Igualdade, existindo un por cada provincia. Estes departamentos son os encargados de instruír, valorar e resolver as solicitudes.

Dende a entrada en vigor da Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social (modificada pola Lei 1/1999, do 5 de febreiro, e pola Lei 16/2004, do 29 de decembro) ata o 31 de decembro de 2025, duodécimo ano de aplicación da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, rexistráronse nos departamentos territoriais da Consellería de Política Social e Igualdade un total de 258.298 solicitudes. Destas o 52,23 % corresponden a Risga e o 47,77 % a AIS.

Rexistro de solicitudes dende a entrada en vigor da Lei

Provincia	Número de expedientes rexistrados		Total Entradas
	Renda de inclusión social de Galicia	Axudas de inclusión social	
A Coruña	50.256	32.579	82.835
Lugo	15.659	16.058	31.717
Ourense	17.427	24.452	41.879
Pontevedra	51.567	50.300	101.867
Galicia	134.909	123.389	258.298

2.2 Rexistro de solicitudes durante o ano 2025

Dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2025 rexistráronse un total de 9.396 solicitudes, sendo o 38,81 % de Risga e o 61,19 % de AIS.

Rexistro de solicitudes nos departamentos territoriais durante o ano 2025

Provincia	Renda de inclusión social de Galicia		Axudas de inclusión social		Total
	Solicitudes	%	Solicitudes	%	
A Coruña	1.321	36,22	1.856	32,28	3.177
Lugo	541	14,83	898	15,62	1.439
Ourense	424	11,63	994	17,29	1.418
Pontevedra	1.361	37,32	2.001	34,81	3.362
Galicia	3.647	100	5.749	100	9.396


Facendo unha análise por provincias pódese observar que a provincia da Coruña rexistra o 33,81 % das solicitudes, Lugo o 15,32 %, Ourense o 15,09 % e Pontevedra un 35,78 %.

Do total de solicitudes de Risga (3.647), A Coruña rexistrou o 36,22 %, Lugo o 14,83 %, Ourense o 11,36 % e Pontevedra o 37,32 %.

No relativo ás solicitudes de AIS (5.749) o 32,28 % correspóndese coa provincia da Coruña, un 15,62 % coa de Lugo, un 17,29 % coa de Ourense e un 34,81 % coa provincia de Pontevedra.



Evolución do número de solicitudes dende o ano 1992 ata o ano 2025





Na gráfica anterior reflíctese a evolución do número de solicitudes dende o ano 1992 ata o ano 2025, tendo en conta o total de solicitudes (tanto as de Risga como as de AIS).


Observamos a continuación os incrementos e diminucións do número de solicitudes da Risga e de AIS do exercicio 2025 en relación co exercicio anterior.

Renda de inclusión social de Galicia

Provincia	Solicitudes 2024	Solicitudes 2025	Observacións
A Coruña	1.717	1.321	Diminución de 396 solicitudes
Lugo	673	541	Diminución de 132 solicitudes
Ourense	485	424	Diminución de 61 solicitudes
Pontevedra	1.622	1.361	Diminución de 261 solicitudes
Galicia	4.497	3.647	Diminución de 850 solicitudes

Axudas de inclusión social

Provincia	Solicitudes 2024	Solicitudes 2025	Observacións
A Coruña	1.855	1.856	Incremento dunha solicitude
Lugo	801	898	Incremento de 97 solicitudes
Ourense	972	994	Incremento de 22 solicitudes
Pontevedra	2.130	2.001	Diminución de 129 solicitudes
Galicia	5.758	5.749	Diminución de nove solicitudes



2.3 Seguimento mensual

No transcurso do ano 2025 a media mensual de rexistro de solicitudes en toda a Comunidade Autónoma foi de 783 solicitudes ao mes.

No relativo á Risga a media foi de 304 solicitudes ao mes, e no tocante ás AIS a media foi de 479, distribuídas da seguinte maneira:

Evolución mensual das solicitudes de Risga e AIS por provincia

Provincia	Xaneiro				Febreiro				Marzo			
	Risga		AIS		Risga		AIS		Risga		AIS	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
A Coruña	36	78	46	94	45	83	40	81	46	69	57	105
Lugo	15	37	24	41	16	23	15	42	26	41	27	54
Ourense	12	20	35	54	8	22	37	62	12	22	24	57
Pontevedra	48	70	47	99	51	91	80	140	51	78	60	138
Galicia	111	205	152	288	120	219	172	325	135	210	168	354

Provincia	Abril				Maio				Xuño			
	Risga		AIS		Risga		AIS		Risga		AIS	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
A Coruña	41	77	89	158	70	90	75	118	28	80	48	123
Lugo	22	31	42	70	23	42	31	57	19	25	30	46
Ourense	25	19	27	54	8	18	33	47	13	21	24	54
Pontevedra	59	85	52	122	52	93	70	127	50	58	75	108
Galicia	147	212	210	404	153	243	209	349	110	184	177	331

Provincia	Xullo				Agosto				Setembro			
	Risga		AIS		Risga		AIS		Risga		AIS	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
A Coruña	37	70	62	115	40	60	13	43	29	54	47	88
Lugo	12	11	26	52	11	23	17	39	10	22	28	37
Ourense	16	24	34	50	8	11	11	40	14	20	23	38
Pontevedra	35	52	62	97	35	60	45	81	34	58	54	96
Galicia	100	157	184	314	94	154	86	203	87	154	152	259



Provincia	Outubro				Novembro				Decembro			
	Risga		AIS		Risga		AIS		Risga		AIS	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
A Coruña	37	80	55	119	40	57	70	88	24	50	44	78
Lugo	21	21	35	56	20	32	25	37	11	27	20	47
Ourense	21	27	53	90	18	36	26	43	7	22	27	51
Pontevedra	55	75	66	112	51	54	51	104	26	40	36	79
Galicia	134	203	209	377	129	179	172	272	68	139	127	255

No relativo ao número de **solicitudes de Risga presentadas** procede destacar a importante presenza feminina, así na provincia da Coruña rexistráronse 1.321 solicitudes da Risga, das que o 64,19 % (848 solicitudes) foron de mulleres e o 35,81 % (473 solicitudes) de homes.

Na provincia de Lugo rexistráronse 541 solicitudes da Risga, das que o 61,92 % (355 solicitudes) foron de mulleres e o 38,08 % (206 solicitudes) de homes.

En Ourense, das 424 solicitudes rexistradas de Risga, 61,79 % (262 solicitudes) foron de mulleres e o 38,21 % (162 solicitudes) de homes.

O mesmo acontece na provincia de Pontevedra, xa que das 1.361 solicitudes rexistradas da referida prestación o 59,81 % (814 solicitudes) foron de mulleres mentres que o 40,19 % (547 solicitudes) foron de homes.

En canto ás **solicitudes de axudas de inclusión social (AIS)** predominan tamén as mulleres nas catro provincias da Comunidade Autónoma; así na provincia da Coruña o número de solicitudes presentadas por mulleres foi de 1.210 fronte ás 646 solicitudes de homes. En Lugo 578 solicitudes foron presentadas por mulleres e 320 por homes. En Ourense, das 994 solicitudes, 640 foron presentadas por mulleres e 354 por homes, e na provincia de Pontevedra das 2.001 solicitudes rexistradas, 1.303 correspóndense con mulleres e 698 con homes.

No que respecta ás **medias mensuais**, Galicia rexistra 783 solicitudes mensuais de Risga ou AIS. O dato por provincias é o seguinte: A Coruña rexistra unha media de 265 solicitudes ao mes, Lugo de 120, Ourense de 118 e Pontevedra de 280 solicitudes.


A media mensual de solicitudes de Risga en Galicia é de 304, das cales 110 na provincia da Coruña, 45 na de Lugo, 35 en Ourense e 113 en Pontevedra.

No caso das AIS, a media mensual de solicitudes en Galicia é de 479, das cales 155 na provincia da Coruña, 75 na de Lugo, 83 en Ourense e 167 en Pontevedra.


Nas gráficas seguintes pódese observar, en cuantificación trimestral, os resultados acadados en relación ao número de solicitudes de toda a Comunidade Autónoma dende o 1992 ata o ano 2025.



Evolución do número de solicitudes dende o ano 1992 ata o ano 2025. 1º trimestre




Evolución do número de solicitudes dende o ano 1992 ata o ano 2025. 2º trimestre






Evolución do número de solicitudes dende o ano 1992 ata o ano 2025. 3º trimestre



Evolución do número de solicitudes dende o ano 1992 ata o ano 2025. 4º trimestre





Resolución das solicitudes



3.1 Datos referidos ás resolucións

Durante o ano 2025 resolvéronse 9.679 solicitudes en toda a Comunidade Autónoma, o que supón unha media de 27 resolucións diarias e 807 resolucións mensuais.

● Renda de inclusión social de Galicia

Resolución de solicitudes. Volume de traballo

Provincia	Pendentes do ano 2024			Entradas ata 31.12.25			Total solicitudes para resolver		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	129	261	390	473	848	1.321	602	1.109	1.711
Lugo	42	56	98	206	335	541	248	391	639
Ourense	28	49	77	162	262	424	190	311	501
Pontevedra	147	289	436	547	814	1.361	694	1.103	1.797
Galicia	346	655	1.001	1.388	2.259	3.647	1.734	2.914	4.648

Resolución de solicitudes. Solicitudes resoltas

	Estimadas			Desestimadas			Arquivadas		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	277	471	748	145	272	417	117	227	344
Lugo	149	213	362	40	67	107	27	42	69
Ourense	79	115	194	50	85	135	37	61	98
Pontevedra	326	476	802	164	326	490	110	176	286
Galicia	831	1.275	2.106	399	750	1.149	291	506	797

Total solicitudes resoltas e solicitudes pendentes de resolución

Provincia	Total solicitudes para resolver			Total solicitudes resoltas			Total solicitudes pendentes de resolución		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	602	1.109	1.711	539	970	1.509	63	139	202
Lugo	248	391	639	216	322	538	32	69	101
Ourense	190	311	501	166	261	427	24	50	74
Pontevedra	694	1.103	1.797	600	978	1.578	94	125	219
Galicia	1.734	2.914	4.648	1.521	2.531	4.052	213	383	596

No ano 2025 resolveuse o 87,18 % do volume de traballo relativo ás solicitudes de Risga, quedando pendente o 12,82 %.

● Axudas de inclusión social

Resolución de solicitudes. Volume de traballo

Provincia	Pendentes do ano 2024			Entradas ata 31.12.25			Total solicitudes para resolver		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	138	203	341	646	1.210	1.856	784	1.413	2.197
Lugo	52	104	156	320	578	898	372	682	1.054
Ourense	46	113	159	354	640	994	400	753	1.153
Pontevedra	255	548	803	698	1.303	2.001	953	1.851	2.804
Galicia	491	968	1.459	2.018	3.731	5.749	2.509	4.699	7.208

Resolución de solicitudes. Solicitudes resoltas

	Estimadas			Desestimadas			Arquivadas		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	288	490	778	188	328	516	84	193	277
Lugo	221	390	611	74	127	201	19	67	86
Ourense	128	315	443	138	215	353	76	124	200
Pontevedra	352	661	1.013	250	512	762	120	267	387
Galicia	989	1.856	2.845	650	1.182	1.832	299	651	950

Total solicitudes resoltas e solicitudes pendentes de resolución

Provincia	Total solicitudes para resolver			Total solicitudes resoltas			Total solicitudes pendentes de resolución		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	784	1.413	2.197	560	1.011	1.571	224	402	626
Lugo	372	682	1.054	314	584	898	58	98	156
Ourense	400	753	1.153	342	654	996	58	99	157
Pontevedra	953	1.851	2.804	722	1.440	2.162	231	411	642
Galicia	2.509	4.699	7.208	1.938	3.689	5.627	571	1.010	1.581


No ano 2025 resolveuse o 78,07 % do volume de traballo relativo ás solicitudes de AIS, quedando pendente o 21,93 %.



Considerando o número total de solicitudes que hai que resolver, un total de 11.856 (2.460 pendentes do ano 2024 máis 9.396 rexistradas no ano 2025), acadouse unha porcentaxe de resolución do 81,64 %. Na táboa seguinte reflíctense as porcentaxes de resolución dende o ano 1992 ao ano 2025.

Solicitudes exercicio	Volume de solicitudes	Solicitudes Resoltas	Porcentaxe de resolución
1992	3.511	2.444	69,61 %
1993	5.120	3.758	73,40 %
1994	5.987	5.060	84,52 %
1995	5.912	5.266	89,07 %
1996	5.081	4.491	88,39 %
1997	4.860	4.287	88,21 %
1998	4.839	4.006	82,79 %
1999	4.775	3.949	82,70 %
2000	4.724	4.318	91,41 %
2001	4.470	4.173	93,36 %
2002	4.864	4.359	89,62 %
2003	6.202	5.827	93,95 %
2004	5.710	4.733	82,89 %
2005	6.095	5.362	87,97 %
2006	6.269	5.609	89,47 %
2007	5.875	5.162	87,86 %
2008	6.682	5.641	84,42 %
2009	8.791	7.031	79,98 %
2010	9.550	8.524	89,26 %
2011	9.976	8.119	81,39 %
2012	12.581	9.423	74,90 %
2013	15.619	12.296	78,72 %
2014	13.919	10.256	73,68 %
2015	14.750	12.095	82,00 %
2016	13.734	11.484	83,62 %
2017	12.951	10.284	79,41 %
2018	13.100	11.006	84,0 %
2019	12.926	9.902	76,61 %
2020	12.845	9.829	76,52 %
2021	13.327	10.298	77,27 %
2022	13.265	9.992	75,33 %
2023	13.803	10.985	79,58 %
2024	13.075	10.615	81,19 %
2025	11.856	9.679	81,64 %

Facendo unha análise parcial, e tendo en conta o volume de traballo de cada departamento territorial, acadáronse as seguintes porcentaxes de resolución:



Das 9.679 solicitudes resoltas, un 51,15 % foron estimadas, un 30,80 % desestimadas, e un 18,05 % das solicitudes foron arquivadas.

Atendendo ao tipo de prestación solicitada, cómpre sinalar que do total das 4.052 solicitudes resoltas de Risga un 51,97 % foron concedidas, o 28,36 % desestimadas, e o 19,67 % restante foron arquivadas, mentres que das 5.627 solicitudes de AIS resoltas o 50,56 % foron estimadas, o 32,56 % desestimadas e o 16,88 % arquivadas.

O volume de solicitudes pendentes de resolución de Risga e AIS é de 2.177, o que significa o 18,36 % do total de solicitudes que hai que resolver.



A táboa seguinte reflicte a variación das solicitudes pendentes de resolución respecto ao exercicio anterior.

Seguimento das solicitudes pendentes de resolución: incrementos (+) ou diminucións (-) referidos ao 31.12.2025 con respecto ao 31.12.2024

Provincia	Renda de inclusión social de Galicia		Axudas de inclusión social		Total	
	Solicitudes	%	Solicitudes	%	Solicitudes	%
A Coruña	-188	-48,21	285	83,58	97	13,27
Lugo	3	3,06	0	0,00	3	1,18
Ourense	-3	-3,90	-2	-1,26	-5	-2,12
Pontevedra	-217	-49,77	-161	-20,05	-378	-30,51
Galicia	-405	-40,46	122	8,36	-283	-11,50

3.2 Tempos de resolución

Os **tempos de resolución** reflectidos son **totais** e comprenden desde a recepción da solicitude a través do rexistro ata a súa resolución no departamento territorial correspondente.

Tempos medios totais de resolución (media en días)

Provincia	Renda de inclusión social de Galicia	Axudas de inclusión social
A Coruña	104	131
Lugo	75	88
Ourense	65	63
Pontevedra	109	143
Galicia	98,44	116,68

Hai que ter en conta, non obstante, que os prazos de resolución dos expedientes quedan interrompidos cando sexa preciso requirir documentación necesaria para poder continuar a tramitación e proceder á súa valoración e posterior resolución.

Na táboa seguinte observamos o tempo medio de resolución nas distintas provincias segundo a prestación solicitada, sen ter en conta os períodos nos que os expedientes están paralizados por requirimentos de documentación necesaria para a súa resolución:

Tempos medios de resolución sen períodos de suspensión (media en días)

Provincia	Renda de inclusión social de Galicia	Axudas de inclusión social
A Coruña	39,64	78,43
Lugo	42,93	64,99
Ourense	24,72	32,48
Pontevedra	22,59	22,62
Galicia	31,90	46,72

3.3 Motivos de denegación

Na táboa seguinte reflíctense as porcentaxes sobre a totalidade de **causas que motivaron as denegacións da Risga**, aclarando que en moitos casos as denegacións se sustentan en máis dunha causa. Na Risga o motivo fundamental das resolucións denegatorias é a superación de ingresos da unidade de convivencia independente, supoñendo unha porcentaxe do 46,12 % do total das causas de denegación a homes e do 52,89 % do total de causas de denegación a mulleres, seguida da causa perceptor de pensión pública incompatible (15,52 % no caso dos homes e 12,60 % no caso das mulleres), da causa "sen carencia de medios suficientes para a subsistencia" (9,91 % no caso dos homes e 11,31 % no caso das mulleres) e da causa "non ter permiso de residencia" (6,03 % no caso dos homes, e 5,30 % no de mulleres).

Motivos de denegación da renda de inclusión social de Galicia (%)

Motivos	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Total	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Perceptor/a de pensión incompatible	16,56	14,57	8,51	5,26	10,81	9,30	18,33	13,74	15,52	12,60
Non exercer dereito a pensión	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Superación de ingresos da unidade de convivencia independente	45,40	50,99	38,30	53,95	33,78	34,88	53,89	61,11	46,12	52,89
Sen empadramento	1,23	1,32	0,00	2,63	4,05	0,78	1,11	0,00	1,51	0,82
Sen residencia efectiva e constatada	2,45	0,99	0,00	1,32	1,35	0,00	0,00	0,58	1,08	0,71
Sen empadramento e residencia efectiva e constatada	0,00	0,00	2,13	1,32	0,00	0,78	0,56	1,17	0,43	0,71
Non acreditación da reciprocidade	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Non acreditación de emigrante galego/a retornado/a	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Non ter permiso de residencia	7,98	5,96	8,51	11,84	6,76	5,43	3,33	3,22	6,03	5,30
Menor de 25 anos	4,91	2,98	0,00	0,00	0,00	3,10	2,78	1,17	2,80	2,00
Maior de 65 anos	1,84	1,32	4,26	3,95	2,70	0,78	2,78	1,17	2,59	1,41
Familiares con obriga legal	2,45	2,65	4,26	1,32	6,76	2,33	0,00	0,00	2,37	1,41
Non atoparse en situación ou risco de exclusión social	0,61	0,33	0,00	0,00	0,00	2,33	0,00	0,29	0,22	0,59

Motivos	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Total	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Non atoparse en situación ou risco de exclusión social nin carencia de medios	4,91	4,97	4,26	0,00	12,16	10,08	0,00	0,29	4,09	3,42
Sen carencia de medios suficientes para a subsistencia	3,07	4,97	14,89	9,21	17,57	22,48	11,67	13,16	9,91	11,31
Non transcorrer 6 meses desde a extinción por incumprimento de obrigas dos artigos 42.1 e 42.5	0,61	0,66	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,22	0,24
Non acreditación de galego/a retornado/a doutra comunidade autónoma	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Non acreditación vítima de violencia doméstica ou de xénero	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Dispor de bens patrimoniais suficientes para a subsistencia	4,91	4,30	14,89	9,21	2,70	5,43	2,78	2,92	4,74	4,36
Non ter recoñecida a situación de persoa refuxiada	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Non acreditar a residencia legal en España	1,84	3,31	0,00	0,00	1,35	1,55	2,22	0,88	1,72	1,77
Non aceptar o proxecto de integración social e/ou o acordo socioeducativo dos/as menores	1,23	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,56	0,00	0,65	0,00
Non transcorrer 12 meses desde a extinción no suposto de ocultación ou falseamento de datos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Sen posibilidade de asinar proxecto de integración social	0,00	0,66	0,00	0,00	0,00	0,78	0,00	0,29	0,00	0,47
Total	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

A Lei de inclusión social de Galicia recollía a concesión dun complemento de alugamento, que podería acadar, como máximo, o 25 % do IPREM, naqueles casos nos que quedase acreditado que a contía do alugamento importase polo menos o 40 % dos ingresos totais da unidade de convivencia, que se carecese de vivenda en propiedade e que entre a persoa arrendataria e arrendadora non existise relación de parentesco. Na súa disposición transitoria cuarta establecía que o dito complemento sería do 10 % do IPREM en tanto non se desenvolvese regulamentariamente a dita lei.

O Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no



relativo á tramitación da Risga e das AIS, en vigor dende o mes de abril de 2019, estableceu que cando a persoa beneficiaria e a súa unidade de convivencia residan nunha vivenda independente alugada e con contrato de arrendamento, se concederá un complemento de alugueiro cun importe do 10 % do IPREM, que no caso de unidades de convivencia que existan unha ou máis persoas menores, o importe do complemento será do 15 %. As ditas contías foron modificadas posteriormente pola Lei 7/2022, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, pasando a aplicarse o 15,60 % do IPREM no caso de complemento de alugueiro en unidades de convivencia con menores e de 10,40 % do IPREM no caso de que non haxa menores.

En calquera caso, para o cobramento do dito complemento deberá constar no informe social que o mantemento do contrato de arrendamento da vivenda é necesario para acadar os obxectivos establecidos no proxecto de integración social.

Cómpre sinalar que no ano 2025 non se denegou ningún complemento de alugueiro en toda a comunidade autónoma.

No caso das **axudas de inclusión social** a causa maioritaria de **denegación** é a superación de ingresos (55,29 % no caso dos homes e 59,80 % no caso das mulleres), seguida de ser perceptora de axuda ou prestación pública destinada á mesma finalidade (14,90 % das denegacións de homes e 13,79 % das denegacións de mulleres).

Na táboa seguinte reflíctense as porcentaxes sobre a totalidade de causas de denegación de axudas de inclusión social, facendo constar que no caso dalgunhas persoas solicitantes existe máis dunha causa que motiva a denegación da prestación.

Motivos de denegación das axudas de inclusión social (%)

Motivos	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Total	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Non é extraordinario e urxente	0,49	0,28	28,89	20,57	6,47	6,34	2,37	0,96	6,13	4,03
Non é situación de grave emerxencia nin é necesario posibilitar ou reforzar procesos de inclusión	6,83	3,90	5,56	4,96	14,71	13,81	0,00	0,57	6,13	4,73
Superación de ingresos	62,44	57,94	36,67	51,77	48,24	47,01	60,87	69,79	55,29	59,80
Posuír un dereito de propiedade	0,00	0,84	4,44	1,42	0,00	0,00	0,00	0,00	0,56	0,39

Perceptor/a de prestacións públicas destinadas á mesma finalidade	13,17	16,71	11,11	12,77	15,88	14,93	17,00	11,47	14,90	13,79
Ter dereito a prestacións públicas destinadas á mesma finalidade	2,44	6,13	3,33	2,13	1,18	2,99	4,35	3,06	2,92	3,80
Menor de idade	0,98	0,28	0,00	0,00	0,59	0,00	0,79	0,38	0,70	0,23
Non estar empadroad/a	0,00	0,00	0,00	0,71	0,59	1,12	1,19	0,00	0,56	0,31
Non ter residencia constatada	0,00	0,00	0,00	0,00	1,18	1,87	3,16	1,34	1,39	0,93
Non estar empadroad/a nin ter residencia constatada	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1,19	1,72	0,42	0,70
Ter percibido unha axuda de inclusión do mesmo tipo	0,00	0,28	0,00	0,00	0,00	0,00	0,40	0,00	0,14	0,08
Axuda cuberta por outros sistemas de protección	0,00	0,84	2,22	0,71	0,00	0,37	1,98	1,34	0,97	0,93
Non axustarse á tipoloxía de AIS establecida legamente	5,37	5,29	2,22	0,00	0,00	0,00	1,58	3,25	2,37	2,79
Superación de bens patrimoniais	5,85	2,79	0,00	0,71	4,71	3,36	0,79	0,96	3,06	1,94
Non cumprirse a periodicidade para ter dereito a unha axuda do mesmo tipo	2,44	4,74	5,56	3,55	4,12	5,97	4,35	5,16	3,90	5,03
Non estar vinculada/o aos itinerarios de inclusión social e formación	0,00	0,00	0,00	0,71	2,35	2,24	0,00	0,00	0,56	0,54
Non destinar a gastos extraordinarios derivados de procesos de axuste persoal	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Total	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100



3.4 Número de persoas beneficiarias e xestión económica.

3.4.1 Renda de inclusión social de Galicia

Dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2025 estiveron incluídas en nómina un total de 7.042 persoas.

No referido período de tempo producíronse un total de 2.146 altas, 1.636 extincións, 1.924 suspensións e 478 recuperacións de suspensións.

Tendo en conta as persoas beneficiarias da Risga ao inicio do exercicio, así como as altas e as recuperacións, as inclusións en nómina durante o ano acadan 7.520, o que implicou un gasto de 26.606.757,23 euros. Cómpre sinalar que, ao contabilizar tanto as persoas beneficiarias ao inicio do exercicio como as altas e recuperacións, pode ser o caso de que nas 7.520 persoas atopemos algunha repetición.

Variacións anual na nómina do ano 2025 a 31 de decembro.

Renda de inclusión social de Galicia						
Provincia	Beneficiarios/as a 31.12.24	Altas	Extincións	Suspensións	Recuperacións	Beneficiarios/as a 31.12.25
A Coruña	1.009	770	620	424	79	814
Lugo	663	363	247	366	124	537
Ourense	350	198	186	188	50	224
Pontevedra	2.874	815	583	946	225	2.385
Galicia	4.896	2.146	1.636	1.924	478	3.960

Atendendo ao total de extincións que tiveron lugar en toda a Comunidade Autónoma podemos considerar que o índice de saída do dispositivo é do 33,41 %.

Como se pode observar na táboa anterior, o número total de persoas beneficiarias da Risga o 31 de decembro de 2025 é de 3.960 persoas, un 19,12 % menos que no ano anterior na mesma data.

A distribución provincial destas persoas beneficiarias é a seguinte: o 20,56 % pertencen á provincia da Coruña, o 13,56 % á provincia de Lugo, o 5,66 % á provincia de Ourense e o 60,23 % restante á provincia de Pontevedra.

O seu seguimento mensual reflíctese na táboa seguinte:

Evolución mensual das persoas beneficiarias da Risga

Provincia	Xaneiro			Febreiro			Marzo		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	323	649	972	344	666	1.010	346	665	1.011
Lugo	208	420	628	218	426	644	219	417	636
Ourense	121	228	349	116	206	322	117	198	315
Pontevedra	1.062	1.641	2.703	1.075	1.665	2.740	1.065	1.627	2.692
Galicia	1.714	2.938	4.652	1.753	2.963	4.716	1.747	2.907	4.654

Provincia	Abril			Maio			Xuño		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	347	685	1.032	336	660	996	320	621	941
Lugo	220	410	630	220	411	631	214	401	615
Ourense	113	194	307	107	186	293	98	170	268
Pontevedra	1.070	1.629	2.699	1.050	1.595	2.645	1.043	1.580	2.623
Galicia	1.750	2.918	4.668	1.713	2.852	4.565	1.675	2.772	4.447

Provincia	Xullo			Agosto			Setembro		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	301	605	906	298	581	879	291	555	846
Lugo	219	375	594	207	358	565	204	357	561
Ourense	92	164	256	87	147	234	87	145	232
Pontevedra	1.025	1.520	2.545	1.018	1.483	2.501	1.019	1.426	2.445
Galicia	1.637	2.664	4.301	1.610	2.569	4.179	1.601	2.483	4.084

Provincia	Outubro			Novembro			Decembro		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	297	538	835	294	516	810	296	518	814
Lugo	187	325	512	188	320	508	200	337	537
Ourense	82	143	225	84	140	224	88	136	224
Pontevedra	1.011	1.407	2.418	997	1.392	2.389	989	1.396	2.385
Galicia	1.577	2.413	3.990	1.563	2.368	3.931	1.573	2.387	3.960




A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no seu artigo 20, reflicte a composición do **tramo persoal e familiar**, que estará integrado por un ingreso mínimo, un complemento familiar variable en función dos membros que compoñen a unidade de convivencia e, se é o caso, un **complemento de alugamento**.

A dita lei, no seu artigo 9, reflicte que se poderán beneficiar do **tramo de inserción** da renda de inclusión social de Galicia aquelas persoas que se encontren en situación ou risco de exclusión social e que se vinculen a un itinerario de inserción no mercado de traballo mediante un convenio de inclusión de duración determinada cun contido formativo ou laboral, e no artigo 10 sinala que se poderán beneficiar do **tramo de transición ao emprego** as persoas beneficiarias da renda no tramo persoal e familiar ou no tramo de inserción co obxectivo de incentivar e facilitar o seu acceso a un emprego mediante o pagamento dun complemento de transición, en diminución gradual e progresiva, por un período máximo de seis meses.

A disposición derradeira segunda da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, relativa á súa entrada en vigor, sinala que os tramos de inserción e de transición ao emprego entrarán en vigor cando se publique o decreto no que se regulen estes tramos.

O Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da Risga e das AIS, en vigor dende o mes de abril de 2019, determina a posibilidade de que as persoas beneficiarias da Risga perciban o tramo de inserción, cuxo importe se acumula ao ingreso mínimo, estando vinculado ás políticas activas de emprego e tendo como finalidade incentivar o cumprimento do itinerario de inserción socio-laboral, garantir a renda familiar mentres se manteña o dito itinerario e indemnizar os gastos que se deriven da participación nas actividades que correspondan. Sinala tamén que a duración do tramo de inserción e, en consecuencia, do itinerario descrito no convenio de inclusión socio-laboral con compromiso de actividade, será como máximo de doce meses, prorrogable por seis meses máis en función do cumprimento dos obxectivos ata un máximo total de dezoito meses.

O dito decreto establece tamén que poderán percibir o tramo de transición ao emprego, unha única vez, aquelas persoas que xa perciban a Risga como titulares da prestación, e accedan a unha actividade laboral remunerada, sempre que o contrato de traballo teña unha duración mínima de seis meses continuados. O tramo de transición aboarase por un máximo de seis meses, e cesará o dereito ao seu aboamento no momento no que finalice a actividade laboral.



Distribución provincial das persoas beneficiarias de Risga no mes de decembro segundo as modalidades de percepción

	IM+CF+TI+CA	IM+CF+TI	IM + CF +CA	IM+TI+CA	IM+CF	IM + TI	IM + CA	IM
A Coruña	6	8	144	5	172	8	101	355
Lugo	0	2	73	3	105	4	83	255
Ourense	9	3	33	9	45	9	29	84
Pontevedra	23	13	276	14	313	32	368	1.308
Galicia	38	26	526	31	635	53	581	2.002
Porcentaxes	0,96 %	0,66 %	13,28 %	0,78 %	16,04 %	1,34 %	14,67 %	50,56 %

	CF	TI+CF	TI+CA	CF + CA	TI+CF+CA	TT	Só atrasos	Total persoas beneficiarias
A Coruña	8	0	0	3	0	0	4	814
Lugo	6	0	0	4	0	2	0	537
Ourense	1	0	0	1	0	1	0	224
Pontevedra	14	0	0	14	1	9	0	2.385
Galicia	29	0	0	22	1	12	4	3.960
Porcentaxes	0,73 %	0,00 %	0,00 %	0,56 %	0,03 %	0,30 %	0,10 %	100



Esta distribución das 3.960 persoas beneficiarias permítenos destacar os seguintes datos:

- O 0,96 % das persoas beneficiarias da Risga perciben o ingreso mínimo (IM), máis o complemento familiar (CF), máis o tramo de inserción (TI) máis o complemento de alugueiro (CA).
- Un 0,66 % percibe o ingreso mínimo (IM), máis o complemento familiar (CF), máis o tramo de inserción (TI).
- O 13,28 % percibe o ingreso mínimo (IM), máis o complemento familiar (CF), máis o complemento de alugueiro (CA).
- Un 0,78 % percibe o ingreso mínimo (IM), máis o tramo de inserción (TI) máis o complemento de alugueiro (CA).
- Un 16,04 % percibe o ingreso mínimo (IM) máis o complemento familiar (CF).
- Un 1,34 % percibe o ingreso mínimo (IM) máis o tramo de inserción (TI).
- Un 14,67 % percibe o ingreso mínimo (IM) máis o complemento de alugueiro (CA).
- Un 50,56 % percibe exclusivamente o ingreso mínimo (IM).
- Un 0,73 % percibe unicamente o complemento familiar (CF).
- Non se rexistran persoas que perciban o tramo de inserción (TI) co complemento familiar (CF) nin que perciban o tramo de inserción (TI) co complemento de alugueiro (CA).
- Un 0,56 % percibe o complemento familiar (CF) co complemento de alugueiro (CA).
- Un 0,03 % percibe o tramo de inserción (TI), máis o complemento familiar (CF), máis o complemento de alugueiro (CA).
- Un 0,30 % percibe o tramo de transición (TT).
- Un 0,10 % percibe unicamente atrasos (A).

Conforme as diferentes modalidades de percepción económica, tanto a nivel provincial como autonómico, reflíctese a continuación o importe da nómina da Risga durante o ano 2025.

Detalle mensual da nómina da Risga na provincia da Coruña (en euros).

Concepto	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo
Total ingreso mínimo	393.706,92	405.990,00	405.362,52	412.906,17	394.218,27	380.074,72	366.545,69
Total com. familiar	62.570,90	65.962,56	67.173,20	70.180,00	66.889,60	62.416,86	61.460,06
Total com. alugueiro	25.303,20	26.364,00	27.206,40	27.799,20	26.582,40	24.741,60	24.117,60
Total tramo inserción	2.730,00	2.520,00	2.310,00	2.730,00	2.310,00	2.940,00	2.730,00
Total tramo transición	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Total atrasos	0,00	48.677,21	16.665,47	9.958,66	18.163,23	14.451,29	14.096,02
Total deducións	4.480,99	5.488,87	5.269,41	4.836,59	4.706,83	4.110,21	4.071,74
Total líquido	479.830,03	544.024,90	513.448,18	518.737,44	503.456,67	480.514,26	464.877,63

Concepto	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Total
Total ingreso mínimo	354.980,80	339.530,11	335.591,11	327.787,14	328.512,99	4.445.206,44
Total com. familiar	57.979,26	55.555,73	52.466,27	49.541,86	49.604,86	721.801,16
Total com. alugueiro	22.308,00	21.060,00	21.028,80	20.217,60	19.749,60	286.478,40
Total tramo inserción	3.990,00	3.780,00	3.780,00	4.620,00	5.670,00	40.110,00
Total tramo transición	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Total atrasos	12.568,91	18.159,93	11.976,44	13.609,89	8.418,27	186.745,32
Total deducións	4.039,78	4.074,36	4.151,77	3.938,88	3.882,32	53.051,75
Total líquido	447.787,19	434.011,41	420.690,85	411.837,61	408.073,40	5.627.289,57

Detalle mensual da nómina da Risga na provincia de Lugo (en euros).

Concepto	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo
Total ingreso mínimo	256.363,70	261.354,36	260.224,23	258.724,42	257.451,61	253.105,50	245.863,83
Total com. familiar	34.965,00	36.332,25	34.768,05	34.524,45	35.424,45	35.776,65	33.145,80
Total com. alugueiro	15.444,00	15.880,80	15.600,00	15.412,80	15.600,00	14.882,40	13.915,20
Total tramo inserción	1.650,00	1.740,00	1.740,00	2.190,00	2.100,00	1.770,00	1.560,00
Total tramo transición	159,78	989,03	983,07	828,67	488,00	133,51	43,00
Total atrasos	5.974,69	8.715,07	1.386,68	2.795,86	842,02	5,72	2.684,69
Total deducións	1.707,85	2.753,84	2.074,20	2.380,79	2.651,56	2.358,14	2.352,29
Total líquido	312.849,32	322.257,67	312.627,83	312.095,41	309.254,52	303.315,64	294.860,23

Concepto	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Total
Total ingreso mínimo	235.278,19	234.119,96	211.587,38	211.502,54	223.566,23	2.909.141,95
Total com. familiar	29.705,40	28.980,00	25.866,00	25.265,40	27.054,00	381.807,45
Total com. alugueiro	13.197,60	12.854,40	11.731,20	11.356,80	11.793,60	167.668,80
Total tramo inserción	1.650,00	1.650,00	1.080,00	720,00	810,00	18.660,00
Total tramo transición	219,39	205,47	723,69	396,85	478,01	5.648,47
Total atrasos	4.062,99	2.897,45	5.513,50	4.505,25	872,82	40.256,74
Total deducións	2.329,97	2.102,40	2.861,66	3.750,29	2.523,72	29.846,71
Total líquido	281.783,60	278.604,88	253.640,11	249.996,55	262.050,94	3.493.336,70



Detalle mensual da nómina da Risga na provincia de Ourense (en euros).

Concepto	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo
Total ingreso mínimo	141.135,88	132.031,06	129.014,67	124.498,30	117.985,53	111.485,82	107.946,97
Total com. familiar	21.058,00	20.088,00	18.678,25	17.365,45	17.191,31	16.111,66	15.848,86
Total com. alugueiro	9.048,00	8.892,00	8.985,60	8.236,80	8.143,20	8.018,40	8.112,00
Total tramo inserción	5.580,00	6.180,00	6.270,00	7.200,00	7.080,00	6.000,00	5.730,00
Total tramo transición	263,61	254,00	70,39	325,03	195,35	790,83	498,69
Total atrasos	0,00	9.839,02	4.729,04	6.777,41	633,78	7.145,53	8.486,16
Total deducións	1.493,01	2.347,74	2.379,40	2.654,58	2.388,57	1.729,52	1.649,39
Total líquido	175.592,48	174.936,34	165.368,55	161.748,41	148.840,60	147.822,72	144.973,29

Concepto	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Total
Total ingreso mínimo	97.656,99	97.144,67	93.705,20	93.768,93	94.816,05	1.341.190,07
Total com. familiar	14.321,26	13.671,60	12.867,75	11.608,80	11.696,40	190.507,34
Total com. alugueiro	7.332,00	6.895,20	6.645,60	6.052,80	5.959,20	92.320,80
Total tramo inserción	5.070,00	4.890,00	4.380,00	5.250,00	4.980,00	68.610,00
Total tramo transición	302,62	534,19	320,71	213,80	106,89	3.876,11
Total atrasos	3.185,87	4.824,66	1.604,76	6.417,69	1.703,95	55.347,87
Total deducións	2.400,17	1.544,01	1.442,43	2.036,74	2.182,24	24.247,80
Total líquido	125.468,57	126.416,31	118.081,59	121.275,28	117.080,25	1.727.604,39

Detalle mensual da nómina da Risga na provincia de Pontevedra (en euros).

Concepto	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo
Total ingreso mínimo	1.156.035,27	1.173.896,61	1.157.172,31	1.159.717,76	1.141.064,20	1.136.609,77	1.100.299,38
Total com. familiar	115.892,50	116.779,66	112.810,36	112.370,83	109.528,03	110.369,56	101.467,92
Total com. alugueiro	60.028,80	60.403,20	59.654,40	58.281,60	57.033,60	57.595,20	55.224,00
Total tramo inserción	14.310,00	15.390,00	16.110,00	17.940,00	17.220,00	16.470,00	15.150,00
Total tramo transición	607,50	637,54	300,67	464,48	608,68	404,16	421,45
Total atrasos	0,00	78.831,61	23.930,53	36.591,88	18.113,32	31.437,70	22.449,56
Total deducións	14.604,04	14.969,84	14.371,78	14.798,59	15.057,38	15.388,48	15.098,06
Total líquido	1.332.270,03	1.430.968,78	1.355.606,49	1.370.567,96	1.328.510,45	1.337.497,91	1.279.914,25

Concepto	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Total
Total ingreso mínimo	1.080.708,89	1.057.242,97	1.044.329,16	1.033.260,46	1.027.894,55	13.268.231,33
Total com. familiar	96.754,92	90.683,81	87.681,41	87.002,77	89.011,32	1.230.353,09
Total com. alugueiro	53.383,20	52.166,40	51.386,40	50.388,00	50.263,20	665.808,00
Total tramo inserción	13.290,00	13.200,00	13.620,00	13.920,00	15.510,00	182.130,00
Total tramo transición	468,88	1.057,07	1.012,91	922,43	834,59	7.740,36
Total atrasos	16.153,12	24.884,65	8.841,88	22.493,17	13.390,11	297.117,53
Total deducións	14.295,81	13.921,29	14.968,73	15.684,91	14.935,08	178.093,99
Total líquido	1.246.463,20	1.225.313,61	1.191.903,03	1.192.301,92	1.181.968,69	15.473.286,32

Detalle mensual da nómina da Risga na Comunidade Autónoma (en euros).

Concepto	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo
Total ingreso mínimo	1.947.241,77	1.973.272,03	1.951.773,73	1.955.846,65	1.910.719,61	1.881.275,81	1.820.655,87
Total com. familiar	234.486,40	239.162,47	233.429,86	234.440,73	229.033,39	224.674,73	211.922,64
Total com. alugueiro	109.824,00	111.540,00	111.446,40	109.730,40	107.359,20	105.237,60	101.368,80
Total tramo inserción	24.270,00	25.830,00	26.430,00	30.060,00	28.710,00	27.180,00	25.170,00
Total tramo transición	1.030,89	1.880,57	1.354,13	1.618,18	1.292,03	1.328,50	963,14
Total atrasos	5.974,69	146.062,91	46.711,72	56.123,81	37.752,35	53.040,24	47.716,43
Total deducións	22.285,89	25.560,29	24.094,79	24.670,55	24.804,34	23.586,35	23.171,48
Total líquido	2.300.541,86	2.472.187,69	2.347.051,05	2.363.149,22	2.290.062,24	2.269.150,53	2.184.625,40

Concepto	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Total
Total ingreso mínimo	1.768.624,87	1.728.037,71	1.685.212,85	1.666.319,07	1.674.789,82	21.963.769,79
Total com. familiar	198.760,84	188.891,14	178.881,43	173.418,83	177.366,58	2.524.469,04
Total com. alugueiro	96.220,80	92.976,00	90.792,00	88.015,20	87.765,60	1.212.276,00
Total tramo inserción	24.000,00	23.520,00	22.860,00	24.510,00	26.970,00	309.510,00
Total tramo transición	990,89	1.796,73	2.057,31	1.533,08	1.419,49	17.264,94
Total atrasos	35.970,89	50.766,69	27.936,58	47.026,00	24.385,15	579.467,46
Total deducións	23.065,73	21.642,06	23.424,59	25.410,82	23.523,36	285.240,25
Total líquido	2.101.502,56	2.064.346,21	1.984.315,58	1.975.411,36	1.969.173,28	26.321.516,98

Outro dato destacable é o relativo ao importe medio por persoa beneficiaria, que se sitúa nos 503,21 euros para toda a Comunidade Autónoma no mes de decembro de 2025.

Este dato resulta tomando como referencia os importes das nóminas e as persoas perceptoras no mes de decembro de 2025, tanto para cada provincia como para Galicia. Os resultados son os que se expoñen na táboa seguinte:

Importe medio por persoa beneficiaria no mes de decembro de 2025 (en euros)

Provincia	Total pagado	Número de persoas beneficiarias	Importe medio por persoa beneficiaria
A Coruña	411.955,72	814	506,09
Lugo	264.574,66	537	492,69
Ourense	119.262,49	224	532,42
Pontevedra	1.196.903,77	2.385	501,85
Galicia	1.992.696,64	3.960	503,21



3.4.2 Número de persoas beneficiarias e xestión económica en relación co exercicio anterior

Considérase axeitado facer unha comparativa entre o importe aboado nas distintas provincias e na totalidade da Comunidade Autónoma, en concepto de nómina da Risga ao longo do exercicio 2025 en relación ao exercicio anterior; datos que se reflicten nas táboas seguintes, facendo constar que os importes recollidos son acumulados o 31 de decembro de cada ano e están expresados en euros:

● Provincia da Coruña (sen considerar deducións)

Concepto	Importe ano 2024	Importe ano 2025
Ingreso mínimo	4.949.631,26	4.445.206,44
Complemento familiar	754.758,31	721.801,16
Complemento alugueiro	304.948,80	286.478,40
Tramo inserción	26.460,00	40.110,00
Tramo transición	8.537,30	0,00
Atrasos	356.160,88	186.745,32
Total	6.400.496,55	5.680.341,32

● Provincia de Lugo (sen considerar deducións)

Concepto	Importe ano 2024	Importe ano 2025
Ingreso mínimo	3.371.990,15	2.909.141,95
Complemento familiar	476.001,03	381.807,45
Complemento alugueiro	197.527,20	167.668,80
Tramo inserción	14.520,00	18.660,00
Tramo transición	29.318,30	5.648,47
Atrasos	50.625,14	40.256,74
Total	4.139.981,82	3.523.183,41

- Provincia de Ourense (sen considerar deducións)

Concepto	Importe ano 2024	Importe ano 2025
Ingreso mínimo	1.957.257,24	1.341.190,07
Complemento familiar	260.913,42	190.507,34
Complemento alugueiro	124.300,80	92.320,80
Tramo inserción	89.070,00	68.610,00
Tramo transición	7.819,26	3.876,11
Atrasos	106.670,41	55.347,87
Total	2.546.031,13	1.751.852,19

- Provincia de Pontevedra (sen considerar deducións)

Concepto	Importe ano 2024	Importe ano 2025
Ingreso mínimo	15.386.779,15	13.268.231,33
Complemento familiar	1.626.348,63	1.230.353,09
Complemento alugueiro	813.259,20	665.808,00
Tramo inserción	175.080,00	182.130,00
Tramo transición	28.277,26	7.740,36
Atrasos	409.848,77	297.117,53
Total	18.439.593,01	15.651.380,31

- Comunidade Autónoma (sen considerar deducións)

Concepto	Importe ano 2024	Importe ano 2025
Ingreso mínimo	25.665.657,80	21.963.769,79
Complemento familiar	3.118.021,39	2.524.469,04
Complemento alugueiro	1.440.036,00	1.212.276,00
Tramo inserción	305.130,00	309.510,00
Tramo transición	73.952,12	17.264,94
Atrasos	923.305,20	579.467,46
Total	31.526.102,51	26.606.757,23

É preciso tamén comparar o número de persoas beneficiarias que nalgún momento estiveron incluídas en nómina entre xaneiro e decembro de 2025, considerando que algunha puidese estar



incluída en nómina en máis dunha ocasión, co número de persoas beneficiarias da prestación no mesmo período do ano 2024. Tal e como se reflicte anteriormente neste informe, o número de persoas incluídas en nómina entre xaneiro e decembro de 2025 foi de 7.520, mentres que o número de persoas incluídas en nómina no mesmo período do ano 2024 fora un total de 8.857.

Tendo en conta os datos das catro provincias, cómpre indicar que o número de persoas beneficiarias diminuíu en 1.337 persoas ao tempo que o orzamento executado experimentou unha diminución aproximada do 15,60 % (4.919.345,28 euros).

3.4.3 Axudas de inclusión social

Dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2025 concedéronse 2.845 axudas de inclusión social, o que implicou un importe concedido de 3.363.257,93 euros. Durante o mesmo período aboáronse 3.335.524,78 euros.

Axudas de inclusión social

Número de concesións de AIS e importes asociados.

Provincia	Número de concesións	Total concedido (€)	Total aboado (€)
A Coruña	778	969.762,35	963.327,68
Lugo	611	750.990,48	754.696,77
Ourense	443	555.584,80	541.777,93
Pontevedra	1.013	1.086.920,30	1.075.722,40
Galicia	2.845	3.363.257,93	3.335.524,78

Das 2.845 axudas de inclusión social concedidas durante este ano 2025, o 27,35 % se corresponden coa provincia da Coruña, o 21,48 % con Lugo, o 15,57 % con Ourense e o 35,61 % con Pontevedra.

A súa distribución provincial, así como o seguimento mensual das concesións, reflíctense na táboa seguinte:

Seguimento mensual das concesións das axudas de inclusión social

Provincia	Xaneiro			Febreiro			Marzo		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	0	0	0	62	70	132	21	34	55
Lugo	7	18	25	16	37	53	27	40	67
Ourense	0	0	0	11	34	45	18	46	64
Pontevedra	0	0	0	56	92	148	33	78	111
Galicia	7	18	25	145	233	378	99	198	297

Provincia	Abril			Maio			Xuño		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	23	58	81	30	27	57	14	42	56
Lugo	18	45	63	9	9	18	21	23	44
Ourense	17	30	47	12	37	49	10	30	40
Pontevedra	32	81	113	35	57	92	36	64	100
Galicia	90	214	304	86	130	216	81	159	240

Provincia	Xullo			Agosto			Setembro		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	27	27	54	10	13	23	30	68	98
Lugo	10	22	32	14	22	36	20	36	56
Ourense	10	20	30	7	26	33	13	7	20
Pontevedra	11	25	36	37	42	79	32	59	91
Galicia	58	94	152	68	103	171	95	170	265

Provincia	Outubro			Novembro			Decembro		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	21	57	78	18	41	59	31	54	85
Lugo	45	69	114	32	63	95	2	6	8
Ourense	13	40	53	9	19	28	8	26	34
Pontevedra	42	77	119	39	85	124	0	0	0
Galicia	121	243	364	98	208	306	41	86	127



Atendendo ao número de concesións mensuais en cada provincia e ao total da Comunidade Autónoma, na táboa seguinte recóllese o importe das nóminas correspondentes e, polo tanto, do gasto realizado puntualmente ao longo do ano 2025.

Detalle mensual dos pagamentos de axudas de inclusión social (en euros).

Provincia	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo
A Coruña	52.041,00	75.135,21	91.637,14	69.035,80	94.871,10	86.694,38	65.706,77
Lugo	10.526,50	30.169,57	56.206,55	81.278,94	67.429,62	45.004,99	50.925,67
Ourense	5.191,00	36.168,78	46.155,20	79.077,03	44.746,91	58.085,37	33.397,19
Pontevedra	35.847,21	67.327,78	123.489,88	106.436,51	101.551,75	88.935,07	96.694,11
Galicia	103.605,71	208.801,34	317.488,77	335.828,28	308.599,38	278.719,81	246.723,74

Provincia	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Total
A Coruña	55.800,00	71.685,00	91.218,00	108.709,97	100.793,31	963.327,68
Lugo	30.412,37	54.909,50	59.819,60	110.919,07	157.094,39	754.696,77
Ourense	46.117,59	34.037,29	41.044,96	66.501,84	51.254,77	541.777,93
Pontevedra	57.396,92	69.359,22	99.599,66	122.597,38	106.486,91	1.075.722,40
Galicia	189.726,88	229.991,01	291.682,22	408.728,26	415.629,38	3.335.524,78

Detalle mensual dos importes concedidos das axudas de inclusión social (en euros).

Provincia	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo
A Coruña	0,00	164.412,30	68.859,04	104.076,23	72.044,05	70.906,75	66.311,00
Lugo	26.243,21	66.612,26	82.864,05	80.651,95	21.439,99	56.953,98	44.905,39
Ourense	0,00	54.239,40	78.721,27	58.878,00	58.294,39	51.151,82	40.855,50
Pontevedra	0,00	164.902,08	111.936,64	119.735,49	104.551,37	108.074,55	36.848,95
Galicia	26.243,21	450.166,04	342.381,00	363.341,67	256.329,80	287.087,10	188.920,84


Provincia	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Total
A Coruña	31.079,70	122.943,60	93.884,75	71.551,46	103.693,47	969.762,35
Lugo	43.526,87	67.856,15	138.702,09	110.950,54	10.284,00	750.990,48
Ourense	43.758,00	25.008,91	64.866,19	37.177,25	42.634,07	555.584,80
Pontevedra	80.788,28	95.220,47	130.737,24	134.125,23	0,00	1.086.920,30
Galicia	199.152,85	311.029,13	428.190,27	353.804,48	156.611,54	3.363.257,93

Aínda tendo en conta que as contías que implica a concesión das axudas son moi variables atendendo aos conceptos aos que se destinan, no transcurso deste ano as contías aboadas sitúanse nunha media de 1.172,42 euros por concesión.

**Media anual da contía aboada das axudas por concesión
(en euros).**

Provincia	Media da contía aboada
A Coruña	1.238,21
Lugo	1.235,18
Ourense	1.222,98
Pontevedra	1.061,92
Galicia	1.172,42





OS RECURSOS



4.1 Rexistro de recursos

A Consellería de Política Social e Igualdade recibiu durante o ano 2025 un total de 305 recursos, o que supón unha media de 25,42 recursos ao mes.

Como se pode observar nas táboas seguintes o maior número deles corresponde á Risga, o 64,92 % do total, supoñendo os de axudas de inclusión social o 35,08 % restante.

Total recursos rexistrados durante o exercicio 2025

Provincia	Recursos Risga			Recursos AIS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	20	41	61	9	15	24
Lugo	3	9	12	3	7	10
Ourense	6	15	21	11	17	28
Pontevedra	37	67	104	15	30	45
Galicia	66	132	198	38	69	107

Rexistro mensual dos recursos de Risga durante o ano 2025.

Provincia	Xaneiro			Febreiro			Marzo		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	0	3	3	1	3	4	4	5	9
Lugo	0	2	2	0	1	1	0	0	0
Ourense	1	1	2	1	0	1	1	1	2
Pontevedra	1	3	4	6	8	14	4	8	12
Galicia	2	9	11	8	12	20	9	14	23

Provincia	Abril			Maio			Xuño		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	1	2	3	4	1	5	2	1	3
Lugo	0	0	0	0	0	0	0	2	2
Ourense	0	2	2	1	2	3	0	0	0
Pontevedra	6	2	8	1	6	7	4	8	12
Galicia	7	6	13	6	9	15	6	11	17

Provincia	Xullo			Agosto			Setembro		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	3	4	7	1	3	4	1	4	5
Lugo	0	0	0	1	0	1	1	0	1
Ourense	0	1	1	0	0	0	0	2	2
Pontevedra	5	5	10	0	1	1	2	5	7
Galicia	8	10	18	2	4	6	4	11	15

Provincia	Outubro			Novembro			Decembro		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	0	0	0	1	6	7	2	9	11
Lugo	0	1	1	0	2	2	1	1	2
Ourense	0	4	4	0	2	2	2	0	2
Pontevedra	4	9	13	1	6	7	3	6	9
Galicia	4	14	18	2	16	18	8	16	24

Rexistro mensual dos recursos de AIS durante o ano 2025.

